


PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL



TÍTULO III

CAPITULO 2

Dinámica socioeconómica



1.	INTRODUCCIÓN	5
2.	SITUACIÓN XEOGRÁFICA	5
3.	INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS	6
	3.1. Infraestruturas terrestres	6
	3.2. Infraestruturas portuarias	7
	3.3. Infraestruturas aeroportuarias	7
	3.4. Recursos sanitarios.....	7
	3.5. Recursos educativos.....	7
	3.6. Outras infraestruturas	7
4.	4.ANÁLISE DEMOGRÁFICA	8
5.	5.ANÁLISE DO MERCADO DE TRABALLO.....	10
6.	6.ANÁLISE SECTORIAL.....	14
	6.1. Sector pesqueiro	14
	6.2. Sector agrícola	15
	6.3. Sector gandeiro.....	16
	6.4. Sector forestal	16
	6.5. Sector industrial	16
	6.6. Sector enerxético	18
	6.7. A construción.....	19
	6.8. Actividade comercial	20
	6.9. Hostalería e lecer	22
	6.10. Actividade turística	23
	6.11. Sector público.....	24
	6.12. Plans de dinamización económica.....	24
	6.13. Banca	25
	6.14. Desenvolvemento tecnolóxico	25
	6.15. Renda familiar dispoñible e pib habitante	26
7.	ANÁLISE DAFO	28
	7.1. Debilidades	29
	7.2. Fortalezas	30
	7.3. Ameazas	32
	7.4. Oportunidades.....	33
8.	PLAN DE ACCIÓN	34



*Esteiro de Redondela.
Ría de Vigo.
Rías Baixas*

III.2.01

1. INTRODUCCIÓN

O presente estudo socioeconómico pretende analizar as características sociais dos concellos costeiros de Galicia, as súas actividades económicas, os sectores emerxentes e aqueles que se encontran en declive propondo, baixo unha óptica técnica, que actividades económicas se deberían potenciar por comarcas ou zonas economicamente homoxéneas. Trátase, en definitiva, de analizar como vive a poboación e propor actuacións para mellorar o seu nivel de benestar.

Se ben desde unha perspectiva das características físicas e paisaxísticas estableceuse no POL unha subdivisión dos 84 concellos do litoral en sete comarcas costeiras (Mariña lucense, Rías Altas, Golfo Ártabro, Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Baixas e Costa Sur), desde o punto de vista da paisaxe, neste capítulo, optouse por analizar o litoral galego a partir do agregamento comarcal que realiza o Instituto Galego de Estatística (IGE). Así, o IGE agrupa as comarcas do litoral en 17 unidades, debido á existencia de zonas económicas homoxéneas. Esta división, se ben non reflicte as características físicas que si figura na agrupación das comarcas costeiras, reflicte, en maior medida a situación económica e social das comarcas. Porén, e para non perder de vista a perspectiva de xestión integral que persegue o POL, nas partes finais deste capítulo realízase unha visión global do litoral axeitándoo tanto ás comarcas costeiras como ás económicas.

Para iso estudáronse as infraestruturas, os recursos sociais, a demografía, a análise por sectores económicos e os seus niveis de rendas. O estudo complementase cunha análise das **Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades** (DAFO) e cun **Plan de actuación** que permite establecer unhas reflexións como punto de partida para un novo modelo que mellore os niveis de benestar da poboación do litoral.

2. SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O punto de partida para analizar a situación socioeconómica do litoral galego é a súa distribución xeográfica. A distribución dos 84 concellos que compoñen o litoral galego en 17 comarcas ocupa en total unha extensión de 5.609 km² e serían:

- A Mariña Oriental: Ribadeo, Barreiros e Trabada (264 km²).
- A Mariña Central: Burela, Foz e O Valadouro (218 km²).
- A Mariña Occidental: Cervo, Xove, Viveiro e O Vicedo (352 km²).
- Ortegal: Cariño, Ortigueira e Mañón (339 km²).
- Ferrol-Eume: Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda, Valdoviño, Cedeira, Cabanas e Pontedeume¹ (463 km²).
- A Coruña: Arteixo, Bergondo, A Coruña, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada (339 km²).
- Betanzos: Betanzos, Coirós, Miño e Paderne (131 km²).
- Bergantiños: A Laracha, Carballo, Malpica de Bergantiños, Ponteceso, Cabana de Bergantiños e Laxe (602 km²).
- Fisterra: Vimianzo, Camariñas, Muxía, Dumbría, Cee, Corcubión e Fisterra (578 km²).
- Noia-Muros²: Muros, Carnota, Outes, Noia, Lousame e Porto do Son (470 km²).
- Barbanza: Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo (248 km²).
- Caldas-O Sar³: Dodro, Padrón, Pontecesures, Valga e Catoira (161 km²).
- O Salnés: Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa, Cambados, Ribadumia, O Grove, Meaño, Sanxenxo e Meis (275 km²).
- Pontevedra: Poio, Pontevedra, Vilaboa e Ponte Caldelas (276 km²).
- Morrazo: Marín, Bueu, Cangas e Moaña (141 km²).
- Vigo: Vigo, Baiona, Gondomar, Nigrán, Redondela, Salceda de Caselas e Soutomaior (336 km²).
- Baixo Miño: A Guarda, O Rosal, Tomiño, Oia, Tui e Salvaterra do Miño⁴ (386 km²).



III.2.02

Cedeira. Ría de Cedeira

3. INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS

3.1. INFRAESTRUTURAS TERRESTRES

As estradas son a principal vía de comunicación dos concellos de litoral, detectándose unha importante carencia de medios de transporte alternativo, especialmente de infraestruturas ferroviarias axeitadas, o que se traduce nunha utilización masiva do transporte privado en automóbil. As infraestruturas ferroviarias existentes son moi antigas, do mesmo xeito que os trens que circulan por elas (algunhas das máquinas que circulan polas vías galegas teñen máis de 25 anos), o que provoca unha duración no desprazamento moi alto, desanimando o uso deste tipo de transporte. É de esperar que nos próximos anos co desenvolvemento das liñas de alta velocidade, especialmente o AVE, que irá desde A Coruña a Vigo e a liña Vigo-Porto, e os seus enlaces coa meseta castelá permitan unha maior e mellor utilización do servizo ferroviario, co conseguinte impulso para todas as comarcas do litoral, que dun xeito ou outro, veranse claramente beneficiadas.

Tampouco existe unha dotación axeitada de transporte público por estrada, de xeito que algunhas comarcas encóntranse mal comunicadas entre elas. No relativo ao transporte interurbano, agás nas grandes cidades⁵ tamén se detectan importantes carencias, que complican a circulación nas urbes, o que obriga o uso do vehículo particular, cuestión que xa foi comentada.

As comarcas analizadas posúen unha dotación moi importante en estradas, especialmente en vías que permiten unha carga maior de tráfico rodado. No tocante á autovías, está a A-52 (Autovía das Rías Baixas), que une as comarcas de Vigo con Ourense e Madrid, a A-55 que une a comarca viguesa con Porriño e Portugal, a A-6 (Autovía do Noroeste), que enlaza a comarca da Coruña e Betanzos con Madrid e a Autovía AG-64 (Ferrol-Vilalba).

En relación ás autoestradas de peaxe, destacan entre outras, a AP-9 (Autoestrada do Atlántico), que une a comarca viguesa con Pontevedra, Santiago, A Coruña e Ferrol, a AG-57 que comunica a cidade olívica con Baiona e a AG-55 que prevé comunicar Carballo con Fisterra.

As principais estradas nacionais son a N-550 (A Coruña-Tui), a N-120 (Vigo-Ourense), a N-634 (San Sebastián-Santiago de Compostela), que pasa polas comarcas da Mariña lucense, a N-642 (Ribadeo-Ferrol), a Nacional VI, que une as comarcas da Coruña e Betanzos con Madrid, a N-640 que enlaza Vilagarcía con Caldas de Reis, a N-655, que une o porto exterior de Ferrol con Narón, a N-651, que enlaza Fene con Betanzos e a N-557 que enlaza A Coruña co seu porto. Ademais, dispónse da vía rápida do Salnés (que enlaza a AP-9 con Sanxenxo) e a AC-550 (Cee-Ribeira) que percorre toda a costa.

Así mesmo, nos próximos anos está previsto un importante investimento en infraestrutura: a autovía transcantábrica que percorrerá as comarcas do norte de Galicia, a vía Ártabra na comarca da Coruña, a autovía que integrará as comarcas de Carballo e Fisterra, a autovía de Noia a Brión, a autovía entre O Salnés e O Grove e Sanxenxo, a de Vilagarcía con Pontevedra, a da península do Morrazo e a de Tui coa Guarda, entre outras, dentro do novo plan de infraestruturas viarias.

É importante destacar as estratexias de mobilidade que se recollen no Plan MOVE.

3.2. INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS

Os portos no litoral galego teñen unha grande importancia no desenvolvemento económico, industrial, pesqueiro e turístico. Isto fai que Galicia teña portos xerais con peiraos comerciais, transatlánticos, pesqueiros e deportivos, a un tempo que existen portos especializados nalgunhas das categorías anteriores en case todas as comarcas do litoral.

Empezando polas instalacións catalogadas como Portos de interese xeral do Estado temos o porto da Coruña, destinado á pesca, tráfico mercante, deportivo, embarcadero de petroleiros e peirao de transatlánticos. Segundo a información recollida por Portos do Estado sobre a evolución do tráfico durante o 2008 compróbase como o porto da Coruña moveu un total de 12,8 millóns de toneladas de mercadorías, na súa maior parte graneis líquidos (7,4 millóns) motivado pola presenza da planta de refinería Repsol na Coruña. Os portos pesqueiros e a pesca son imprescindibles non só para comprender como veremos máis adiante as dinámicas socioeconómicas, senón a relación da sociedade e os asentamentos co mar. En segundo lugar está o porto de Vigo, que é onde se embarcan os vehículos de Citroën para a súa exportación, ademais de ser o porto máis importante en descarga de pesca é tamén receptor de transatlánticos. Este porto tivo no 2008 un movemento de 15,1 millóns de toneladas, na súa maior parte de graneis líquidos (5,8 millóns). Tamén destacan as dotacións portuarias en Ferrol, cun porto interior da ría de Ferrol e outro de recente construción no exterior, ademais de xestionar o porto de San Cibrao, tan importante para a economía da Mariña Occidental coa planta de aluminio en Cervo e Xove Lago. Así, o porto de Ferrol-San Cibrao recolle un volume de mercadorías próximo aos 12,9 millóns de toneladas, cun forte aumento nos últimos anos, o que permitiu ser a Autoridade Portuaria con maior aumento de tráfico do Sistema Portuario. A maior parte do tráfico oriéntase cara a graneis líquidos (2,2 millóns). En cuarto lugar encóntrase o porto de Marín que recolle, durante o mesmo período, un movemento de 1,7 millóns de toneladas. Finalmente, destaca o porto de Vilagarcía de Arousa, cun volume de 322 miles de toneladas.

Xunto cos casos xa citados encóntranse os portos xestionados exclusivamente pola Comunidade Autónoma de Galicia, cuxos portos comercial-pesqueiros son o de Ribadeo (na Mariña Oriental); o de Burela (A Mariña Central); o de Viveiro e O Vicedo (A Mariña Occidental); os de Mañón, Espasante-Ortigueira e Cariño (Ortegal); o de Cedeira, Fene, Murgardos, Pontedeume (Ferrol); Sada (A Coruña); Miño (Betanzos); os portos de Caión-Laracha, Malpica, Ponteceso e Laxe (Bergantiños); os portos de Camariñas, Muxía, Fisterra, Corcubión, Cee (Fisterra); os de Carnota, Muros, O Freixo, Noia, Portosín e Porto do Son (Noia-Muros); os portos de Aguiño e Ribeira, Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo (O Barbanza); Cambados, A Illa, Sanxenxo, Vilanova de Arousa, O Grove, Portonovo (O Salnés); Marín, Bueu, Cangas e Moaña (O Morrazo); Redondela, Soutomaior, Baiona (Vigo); e o da Guarda (O Baixo Miño). Destes portos, sen dúbida, os máis importantes serían o de Burela (A Mariña Central), Celeiro-Viveiro (A Mariña Occidental) e o de Ribeira (O Barbanza), sendo os demais portos de menor entidade desde un punto de vista económico.

Tamén se debe sinalar a existencia dun importante número de portos deportivos, que sen ter a transcendencia económica doutras instalacións portuarias destinadas á pesca ou ao tráfico de mercadorías permiten certo desenvolvemento, especialmente centrado na actividade turística. Este sería, por exemplo, o caso do porto deportivo de Sada (na comarca da Coruña), o de Porcillán (A Mariña Oriental), o de Foz (A Mariña Central), o de Viveiro e Cervo (A Mariña Occidental), o de Santa Marta de Ortigueira (Ortegal), o de Miño e Betanzos (Betanzos), o de Laxe, Malpica e Caión (Bergantiños), o de Portosín (Noia-Muros), o de Ribeira, Rianxo e A Pobra do Caramiñal (O Barbanza), o de Pontevedra e Vilaboa (Pontevedra), ou o de Bueu (O Morrazo). A ampla oferta de portos deportivos, con máis de 11.600 puntos de amarre, concentrados na Ría de Vigo e O Baixo Miño (36%), Golfo Ártabro (24%) e na Ría de Arousa e Muros (18%) permite a práctica deportiva, cun importante potencial de crecemento económico para esta actividade.

3.3. INFRAESTRUTURA AEROPORTUARIA

As comarcas do litoral presentan unha importante infraestrutura aeroportuaria, xa que dispoñen de dous dos tres aeroportos máis importantes de Galicia (Vigo e A Coruña).

O primeiro encóntrase en Peinador, concello de Mos, a 9 km da cidade de Vigo, e ten como principais destinos Madrid e Barcelona, aínda que tamén ofrece voos a varias cidades europeas. Ata setembro de 2009 o aeroporto vigués presentaba unhas cifras acumuladas anuais de 850.000 viaxeiros, unha carga de 560.000 quilogramos, un total de 12.200 operacións realizadas. O da Coruña, a 8 quilómetros da cidade, é o aeroporto galego que máis medrou por volume de facturación e pasaxeiros. Na actualidade une a cidade coruñesa con outros concellos españois como Madrid ou Barcelona e con cidades estranxeiras como Londres. O volume de facturación acumulado ata setembro de 2009 era de 813.000 pasaxeiros, 168.000 kg de carga e 12.500 operacións efectuadas.

Ademais na Mariña Occidental encóntrase o heliporto Costa Norte (preto do porto de Celeiro), destinado sobre todo a operacións de rescate aéreo (servizo de Gardacostas da Xunta de Galicia). Finalmente, na Mariña Oriental cóntase co aeródromo de Vilaframil (a 4 km do núcleo urbano de Ribadeo) destinado a voos locais e aptos para avións de pequeno tamaño.

3.4. RECURSOS SANITARIOS

En todos os concellos estudados existen centros de saúde, tanto de atención primaria como especializada.

A maior parte dos servizos hospitalarios encóntranse nas grandes cidades do litoral, este é o caso das cidades de Vigo e A Coruña que contan con seis hospitais cada unha. Séguenlle, por número de centros, as comarcas de Ferrol e Pontevedra con 4 hospitais cada unha.

As demandas de toda a Mariña lucense son cubertas por un único centro en Burela, o mesmo que ocorre en Fisterra, Barbanza e Vilagarcía, na comarca do Salnés.

3.5. RECURSOS EDUCATIVOS

En todas as comarcas analizadas existe unha ampla variedade de colexios infantís, escolas de Ensino primario, ESO e institutos, tanto de Bacharelato como Formación Profesional, ademais de Escolas Oficiais de Idiomas e Conservatorios de Música.

Ademais, a comarca de Ferrol ten un campus a Universidade da Coruña e un centro asociado á Universidade nacional de educación a distancia (UNED). A comarca da Coruña conta coa sede central da Universidade da Coruña, un centro adscrito da UNED e un centro universitario privado adscrito á University college Dublín. En Pontevedra existe un campus universitario dependente da Universidade de Vigo e outro centro asociado da UNED. Finalmente na comarca de Vigo encóntrase a Universidade de Vigo e a Escola da Armada de Marín (que pasa a formar parte da Universidade).

3.6. OUTRAS INFRAESTRUTURAS

Ao estar realizando unha análise das infraestruturas do litoral, resulta conveniente sinalar a previsión de construción de 22 novas depuradoras, que, xunto ás 69 xa existentes, mellorarán o tratamento das augas residuais. Isto, sen dúbida, suporá unha mellora da calidade das augas, o que redundará no aumento da rendibilidade das explotacións pesqueiras, marisqueiras e acuicultura, ademais, dunha evidente mellora sobre o medio natural.



III.2.03

Vista da cidade de Ferrol. Golfo Ártabro.

4. ANÁLISE DEMOGRÁFICA

Para a elaboración dos indicadores de poboación tomouse como referencia a poboación correspondente ao Padrón Municipal a 1 de xaneiro de 2008, elaborado polo Instituto nacional de estatística (INE), incluíndo os españois e estranxeiros (habitantes empadroados que non teñen nacionalidade española). As cifras utilizadas foron obtidas a partir do Anuario económico de España 2009 do Servizo de Estudos de La Caixa, ao dispor de información homoxénea a nivel municipal e comarcal para todo o territorio nacional.

Analizando a poboación existente no litoral, a primeira nota que destacar é que máis da metade da poboación galega vive na costa (59%), un total de 1.634.997 habitantes no 2008. Non só vive menos poboación no interior, senón que, ademais, se se compara a evolución poboacional para o período 2000-2008, obsérvase que o interior rexistrou un decrecemento poboacional do 1,3%, fronte ao crecemento do 4,4% do litoral (a media galega foi dun crecemento do 2%). Se se compara a tendencia poboacional en España obsérvase un crecemento do 14% para o período 2000-2008, crecemento moi superior ao experimentado polo litoral e Galicia, o cal significa que tanto o interior coma o litoral de Galicia, perderon poboación relativa respecto ao conxunto de España.

Centrándonos máis na poboación do litoral obxecto de estudo, o mapa n.º 1 permite unha tripla aproximación á súa realidade poboacional. En primeiro lugar estúdase a distribución da poboación por comarcas, a través da importancia poboacional (porcentaxe de poboación de cada comarca respecto ao total de poboación do litoral). Compróbase como a poboación no litoral galego concéntrase en tres comarcas, dúas das cales teñen un peso da poboación superior ao 20% (A Coruña e Vigo) e outra, Ferrol superior ao 10%. Séguenlle, polo número de habitantes, as comarcas do Salnés, Pontevedra e O Morrazo (cunha participación entre o 5,0%-6,7% de poboación), O Barbanza, Bergantiños, O Baixo Miño, Noia-Muros, Fisterra, A Mariña Occidental, Caldas-O Sar, Betanzos e A Mariña Central, todas elas entre o 1,3 e 4,1% da poboación e, finalmente, A Mariña Oriental e Ortegal, que entre as dúas non supoñen o 2% da poboación residente. Polo tanto, existe unha forte concentración da poboación dentro das comarcas do litoral, que condiciona en boa medida o resto de indicadores económicos.

Este resultado non é algo novo, senón que é patente desde hai décadas. Considerando a evolución do crecemento da poboación ou variación poboacional, durante o período 2000-08 (que é o segundo indicador), compróbase como a taxa de crecemento foi do 2% para o conxunto de Galicia, mentres que para o litoral este indicador resulta máis que o dobre (4,4%). Este resultado tradúcese nun crecemento da poboación do litoral, fronte a unha perda de poboación das comarcas de interior.

Por comarcas obsérvanse unhas importantes diferenzas na taxa de crecemento poboacional durante estes últimos anos. Así, A Coruña⁶ e O Baixo Miño (ambas cun crecemento do 9,3%), Betanzos (8,1%), Pontevedra (7,4%), A Mariña Central (6,1%). O Salnés (5,9%) e Vigo (5,4%) son as comarcas que rexistran un maior indicador. Pola contra, Ortegal⁷ (-12,5%), Fisterra (-6,1%) e Noia-Muros (-5,1%) son as que reflicten maiores descensos poboacionais durante o período estudado. Débese sinalar que ningunha comarca, nin sequera as que máis medron, o fixo ao ritmo da media de España (14%).

Os datos de crecemento poboacional por comarcas, poden estar condicionados aos comportamentos internos dos concellos de cada agrupación. Este sería por exemplo, o caso da Mariña Central, que como se indicou é unha das comarcas que máis medra do litoral, pero que presenta un comportamento desigual, pois o concello de Burela medrou un 14% mentres que O Valadaouro perdeu un 9,6% da súa poboación. Outro exemplo que ilustra este comportamento é A Mariña Occidental, que ten un crecemento demográfico negativo, aínda que o concello de Viveiro aumentou poboación⁸.

As variacións na poboación parecen responder a cuestións de índole laboral (maiores oportunidades de emprego), atractivo turístico, comercial, etc. A explicación hai que buscala no dinamismo económico dalgunhas comarcas que actúan como polos de atracción para moitos cidadáns procedentes doutras comarcas, Comunidades Autónomas e mesmo do estranxeiro (por exemplo, A Coruña, Pontevedra e Vigo, entre outras).

Así, o turismo pode supor un incremento considerable da poboación, aínda que sexa de forma estacional.

Con todo, nalgunhas comarcas este aumento pódese converter en permanente, cando a poboación se traslada definitivamente a estas zonas, especialmente cando se encontran preto do lugar de traballo e o que en principio era segunda residencia convértese en habitual. Isto parece que é o que se produciu, por exemplo, na comarca do Salnés, que recolle o cuarto maior incremento poboacional, debido á proximidade coas comarcas de Vigo e Pontevedra.

Para outras comarcas, as causas deste incremento hai que buscalas no carácter residencial dalgunhas delas, por exemplo, a de Betanzos que se encontra entre as comarcas da Coruña e Ferrol ou a do Baixo Miño, moi preto da zona de influencia da comarca de Vigo e o norte de Portugal.

Pódese sinalar como o avellentamento poboacional está condicionando a evolución do crecemento da poboación. O avellentamento no litoral é menor que en Galicia cun 18,8% fronte á media galega do 21,7% e polo tanto menor que o interior de Galicia que acada o 25,7%. Este dato poderíanos levar a concluír que a poboación do litoral non está avellentada, pero se a comparamos coa media de España, temos que esta é do 16,5%, un 2,29% menos que a media do litoral.

Analizando a situación por comarcas, obsérvase que Fisterra ou en Caldas-O Sar, cunha diminución da poboación en máis de seis puntos durante o período analizado, parece responder ao avellentamento da poboación, ademais da súa alta taxa de desemprego crónico. No caso de Ortegá, a causa do seu avellentamento unido á perda de poboación obedece máis ben á falta de actividade económica da comarca e ao retorno dos emigrantes, que na súa maior parte regresan como poboación inactiva.


Todo isto fai que mereza unha atención especial a distribución da poboación por idades, en especial, o peso da poboación maior, que tamén queda reflectido no mapa n.º 1 como porcentaxe de persoas de 65 ou máis anos en relación ao resto da poboación de cada comarca, que é precisamente o terceiro indicador que se construíu a partir da información do IGE.

Á luz dos datos, o avellentamento é especialmente significativo nas comarcas do norte de Galicia, Ortegá (31,8% sobre poboación total), A Mariña Oriental (26,8%) e A Mariña Occidental (22,6%) e as comarcas da Costa da Morte cunha media do 23%. Isto afectará, sen dúbida, aos indicadores socioeconómicos destas comarcas, e implicará unha maior necesidade de dotación de recursos para atender as crecentes necesidades sanitarias, de asistencia, coidados, etc., deste colectivo.

Este avellentamento imperante nalgunhas comarcas está xerando xa problemas de atención ás persoas maiores, xa que a oferta dispoñible de prazas resulta insuficiente á demanda de servizos, o que xera a necesidade de que as familias coiden as persoas maiores nos seus contornos máis familiares, algo habitualmente realizado pola muller, o que dificulta a súa conciliación coa vida laboral. Por outra banda, nestas comarcas ten un menor peso a poboación menor de 16 anos e en idade de traballar (16-64 anos), o que xera desequilibrios demográficos.

A presenza de poboación estranxeira no litoral resulta reducida (3,6% fronte ao 3,4% de Galicia). Por comarcas, A Mariña Central (6,7%) é a que ten o maior porcentaxe de estranxeiros sobre o total da súa poboación, debido ao peso do colectivo caboverdiano e, en menor medida, de Perú, sobre todo no concello de Burela (9,5%). Outras comarcas onde se detecta unha importancia maior da poboación inmigrante son Vigo (4,9%) e A Coruña (4,5%). O resto de comarcas presenta unhas porcentaxes próximas á media galega, reducíndose a súa importancia a medida que decrece a actividade económica de cada zona.

A distribución da poboación por xénero resulta moi similar entre as comarcas estudadas, xa que aínda que poden existir certas diferenzas, non resultan rechamantes.



Mapa n.º 1. Aproximación (por comarcas) á realidade da poboación de Galicia. Fonte: Elaboración propia



III.2.04

Vista da cidade de Ferrol. Golfo Ártabro

5. ANÁLISE DO MERCADO DE TRABALLO

O punto de partida para analizar o mercado de traballo sería coñecer a incidencia de cada sector sobre o volume de emprego. Optando por esta vía compróbase como todas as comarcas estudadas teñen unha maior porcentaxe de poboación ocupada no sector servizos, que nalgunha comarca chega a ocupar ata o 76,1% da poboación. Este resultado previsible non achega demasiado. Precisamente por iso, optouse por realizar un exercicio de comparación alternativo, de xeito que aínda sabendo que a maior parte da poboación ocupada concéntrase no sector terciario, cómpre coñecer a “especialización relativa” de cada comarca en relación á media do litoral.


Desta forma calcúlase a importancia en ocupación⁹ de cada un dos sectores (primario¹⁰, industria¹¹, construción¹² e servizos¹³) para cada comarca respecto ás cifras de ocupación total e compárase cos valores medios de todo o litoral, permitindo desta xeito un exercicio de medición da importancia relativa ao redor da media do litoral. Xa que logo, o predominio dun sector económico en concreto calcúlase como a maior diferenza porcentual da poboación ocupada en cada comarca en relación á media de todo o litoral¹⁴. Só operando desta forma chegamos a coñecer o grao de especialización produtiva relativa de cada comarca.

Así é posible comprobar (mapa n.º 2) como o sector servizos ten un peso relativo maior nas comarcas de Vigo, Pontevedra e A Coruña; o sector da construción no Baixo Miño, Bergantiños e A Mariña Central; a industria en Caldas-O Sar, O Barbanza e Ferrol; e, finalmente o sector primario ten unha presenza importante no Morrazo, O Salnés, O Barbanza, Noia-Muros, Fisterra, Ortegal, A Mariña Occidental e A Mariña Oriental. Polo tanto compróbase unha clara polarización relativa das comarcas do litoral cara ao sector primario e unha menor presenza relativa do resto de sectores, en termos de especialización relativa comarcal, pero se analizamos os datos globais do litoral teríamos que o 67,2% da poboación ocupada traballa no sector servizos, o 16,3% en industria, o 11,8% en construción e o 4,8% no sector primario.


O mapa n.º 3 permite unha aproximación á situación do desemprego a partir de tres variables: porcentaxe de desempregados respecto á poboación total (indicador 1), variación do desemprego entre xuño de 2005 e 2009 (indicador 2) e variación do desemprego na construción (indicador 3). A elaboración dos tres indicadores anteriores non estivo exenta de limitacións, xa que as únicas taxas de desemprego comarcal construído a partir da definición de desemprego (poboación desempregadas / poboación activa) do IGE facían referencia ao Censo de 2001, e polo tanto, non eran representativas da situación económica actual. Por iso construíuse un indicador alternativo, que en ningún caso se debe considerar como taxa de desemprego, senón como unha ratio entre desempregados e poboación total, obtida do Anuario económico de España de La Caixa referida ao 2008, mentres que a información dos indicadores dous e tres obtéñense a partir do IGE con datos ata xuño do 2009.

En canto ao primeiro dos indicadores, a porcentaxe de desempregados respecto á poboación total, as porcentaxes máis elevadas obtéñense (mapa n.º 3) nas comarcas de Caldas-O Sar, Bergantiños e Fisterra, ambas cunhas cifras superiores ao 6,5%. O desemprego tamén incide especialmente nos concellos de Pontevedra, Vigo, O Morrazo e Ferrol, todas elas entre o 5,5-6,5%. As comarcas que presentan unha menor incidencia do desemprego son A Mariña Central e Oriental, ambas por debaixo do 4%. O conxunto dos concellos do litoral acadan de media o 5,8% fronte a Galicia 5,5%, porque o desemprego aumentou máis nas zonas máis desenvolvidas. Isto explica, por exemplo, como A Mariña Oriental con 3,7% teña unha porcentaxe de desempregados sobre poboación total máis baixa de todo o litoral, fronte ao 6,2% da comarca de Vigo.


Analizando a evolución do desemprego durante o período de xuño de 2005 a xuño de 2009 (segundo indicador), compróbase como os maiores crecementos se obteñen no Baixo Miño (45,2%), Caldas-O Sar (38,9%) e Pontevedra (35,6%), zonas nas que a crise económica se manifestou especialmente, sobre todo no sector da construción. Entre as comarcas que menor crecemento experimentan do desemprego pódese citar Ortegal (3,2%), debido ao escaso tecido empresarial, o predominio do sector primario e a emigración a outras comarcas, A Mariña Occidental (8,6%) e Ferrol (13,8%).



Mapa n.º 2.
Análise da especialización de cada sector produtivo no litoral
Fonte: Elaboración propia



Mapa n.º 3.
Aproximación á situación actual de desemprego no litoral
Fonte: Elaboración propia



Mapa n.º 4
Análise do desemprego para o colectivo comprendido entre os 24 e os 64 anos de idade nas comarcas do litoral
Fonte: Elaboración propia

Sen dúbida, de todos os sectores, o que sufriu un maior incremento das cifras de desempregados foi o da construción, por este motivo optouse por presentar este terceiro indicador no mapa n.º 3. Este sector, de indubidable importancia económica, foi moi castigado pola actual recesión, o que provocou que a maior parte do desemprego se xere a partir del, e logo se produza un efecto inducido cara ao resto de sectores. Así, en Pontevedra, O Salnés¹⁵, O Baixo Miño, O Morrazo, O Barbanza, A Mariña Central e A Mariña Oriental¹⁶, a variación do desemprego na construción foi superior ao 100%, mentres que en zonas menos dependentes do sector inmobiliario (Fisterra, Bergantiños, Betanzos, Ferrol¹⁷ e Ortegal¹⁸) os incrementos do desemprego foron inferiores ao 70%. A drástica redución da compra de vivendas de segunda (e tamén primeira) residencia pode estar detrás deste resultado.

A evolución do desemprego para o colectivo de 25 a 64 queda representada no mapa n.º 4, que mostra o comportamento do desemprego para o período de xuño de 2005 a xuño de 2009. A partir da información presentada compróbase como as maiores variacións se observan nas comarcas do Baixo Miño, por encima do 50% e no Morrazo, Pontevedra, O Salnés¹⁹ e Caldas-O Sar, cuxa variación oscila entre o 35-45%. Os dous principais motores económicos do litoral, as comarcas de Vigo e A Coruña, tamén reflicten un importante aumento do desemprego para este grupo de idade, dentro do intervalo do 25 ao 35%. Pola contra, son as zonas con menor puxanza económica as que rexistran unha menor taxa de variación do desemprego. Este sería o caso de Ortegal, que rexistra un aumento por debaixo do 10%.

Realizando unha análise deste indicador para os homes compróbase un importante aumento do desemprego en todas as comarcas, de xeito que parece que o desemprego afectou especialmente a este colectivo, en boa medida polo importante peso que ten dentro da poboación activa e ocupada, que viu que coa actual recesión económica viron reducidas as súas oportunidades de emprego de forma drástica.

Os maiores incrementos no número de desempregados homes danse no Baixo Miño (94,37%), Caldas-O Sar (77,6%), O Barbanza (70,1%), Pontevedra (66,3%), todos eles por riba do 65%.

No relativo ao desemprego feminino, aínda existen máis mulleres desempregadas que non encontran traballo que os homes, o que pon de manifesto a difícil incorporación do colectivo feminino ao mercado laboral. Podemos comprobar a forte heteroxeneidade entre as comarcas a partir da porcentaxe de mulleres desempregadas respecto ao total. Así, na Mariña Central, A Mariña Occidental, Ferrol, Bergantiños, Caldas-O Sar, Vigo e A Coruña²⁰, rexistrouse un aumento do desemprego por riba do 55%.


Pola contra, O Barbanza, Noia-Muros²¹, Ortegal²² e A Mariña Oriental, todas elas cunha porcentaxe inferior ao 52,5% son as que presentan un comportamento menos negativo. Debemos destacar que onde existe unha forte presenza do sector conserveiro ou marisqueo a porcentaxe de mulleres desempregadas respecto ao de homes se iguala, ao ser un sector que contrata moita man de obra feminina.





III.2.05

*Ría de Ferrol.
Castelos de San Felipe e da Palma*



Mapa n.º 5
Indicadores da actividade pesqueira en Galicia,
atendendo ao valor económico da pesca desembarcada e á súa variación
Fonte: Elaboración propia

6. ANÁLISE SECTORIAL

6.1. SECTOR PESQUEIRO

O obxectivo deste capítulo é analizar a actividade pesqueira, o marisqueo e a acuicultura, deixando a industria conserveira para a epígrafe industrial, a pesar da forte relación existente.

O sector pesqueiro é un dos principais motores económicos das comarcas do litoral. Así, a existencia dun porto pesqueiro ou de mercadorías pode supor o motor para o desenvolvemento dunha comarca. Tal e como se sinalou na parte de infraestruturas, en Galicia existen máis de 56 portos onde se desembarca peixe, cifra que sería superior se se consideran os puntos de atraque de barcos de baixura. Por todo iso resulta necesario coñecer, polo miúdo, o potencial económico que supón para todas as comarcas a actividade pesqueira.

O mapa n.º 5 permite analizar dous indicadores da actividade pesqueira. En primeiro lugar, o valor económico da pesca desembarcada en cada comarca sobre o total. En segundo lugar, a variación do valor da pesca desembarcada²³.

Segundo o primeiro dos indicadores, que fai referencia á pesca desembarcada, no 2008 supuxo os 451 millóns de euros e 173 toneladas, sendo as comarcas de Vigo e O Barbanza as que rexistraron as maiores cifras. O porto de Vigo é o máis importante de Galicia en descarga de pesca fresca co 20,6% da pesca desembarcada en toneladas para o ano 2008. O porto de Ribeira (no Barbanza) ocupa o segundo lugar cun 18,1% do total de Galicia. Ademais a comarca do Barbanza medrou un 62,5% o número de toneladas desembarcadas para o período 2001-08, o cal permitiu o desenvolvemento dunha importante industria pesqueira nesta comarca.

Na comarca da Coruña, a actividade pesqueira foi moi representativa, chegando a ser o porto máis importante de descarga de pesca fresca de Europa no 1988. Con todo, as sucesivas reconversións navais e as cotas de pesca, provocaron a desaparición da metade da frota que operaba na Coruña, coa conseguinte redución das capturas. O porto da Coruña é o segundo máis importante en canto á venda de peixe fresco, soamente por detrás do de Vigo 18,4% do total do valor da pesca desembarcada en Galicia, ocupando o terceiro posto detrás de Vigo e Ribeira en volume de capturas. A Coruña creou un peirao específico de pesca e unha lonxa para paliar a perda de pesca desembarcada respecto a épocas anteriores. Na comarca tamén destaca o porto de Sada²⁴, concello de forte tradición pesqueira pero cada vez con menor nivel de capturas.

Na comarca da Mariña Central destaca o porto de Burela, que é o cuarto de Galicia en pesca desembarcada, co 11,4% do total de Galicia, especialmente polas súas capturas de bonito. O seu elevado volume de actividade portuaria, traducíuse nun importante desenvolvemento de empresas auxiliares, tanto de servizos como de equipamentos (aceites, telecomunicacións, motores e reparacións). Ademais, conta con varias empresas de construción de embarcacións e de conservas. Seguindo coa costa lucense na Mariña Occidental tanto por proximidade e importancia destaca o porto de Celeiro (no concello de Viveiro), con arredor dun centenar de embarcacións, a maioría dedicada á captura de pesca de altura que constitúe o quinto porto en importancia por pesca desembarcada moi próxima ao de Burela co 10,7% do total de Galicia.

A sexta comarca por importancia no sector pesqueiro é Noia-Muros que acadou o 8,9% do total de pesca desembarcada no ano 2008, destacando Portosín (5,63%), Noia (1,24%) e Muros (1,87%). Finalmente, hai que mencionar a comarca do Salnés co 4,52% da pesca desembarcada²³.

A pesar da gran tradición pesqueira existente en todo o litoral galego, desde un punto de vista de pesca

desembarcada o resto das comarcas teñen escasa relevancia co Morrazo (2,5%), Fisterra (2,07%) e non chegando nin ao 1% as comarcas non citadas a pesar de contar con portos que puidesen ter certa incidencia a nivel local como Cariño, Cedeira, Malpica.

Obsérvase que parte da frota de altura se atopa desempregada polas cotas pesqueiras e cuns ingresos que non cobren os gastos de explotación, o cal está provocando demoras e suspensión de pagos²⁵, afectando en cadea ás industrias auxiliares. Por exemplo, esta é a situación que se dá no peirao pesqueiro de Oza da Coruña.

Co segundo indicador proposto, a variación do valor da pesca desembarcada durante o período 2001-08 obsérvase unha importante perda dela nalgunhas comarcas. Así, A Mariña Oriental (-55,9%), Ortegal (-46,8%), Bergantiños (-40,1%) e Pontevedra (-35,6%) son algunhas das comarcas con maior descenso. Pola contra Noia-Muros (91,9%), O Barbanza (91,7%) ou Vigo (49,2%) son as que recollen un maior aumento durante o período estudado. A nivel agregado, as comarcas do litoral recolleron durante o período 2001-08 un crecemento do 33,8%.

A caída das capturas de pesca e mariscos dos bancos naturais, por razóns entre outras de sobreexplotación dos recursos, fixo que o marisqueo e a acuicultura se convertan en sectores económicos crecentes para atender a demanda de peixe. Segundo o IGE, no 2008, a acuicultura en Galicia xerou 184 millóns de euros cunha produción de 208.608 toneladas.

Por especies sen dúbida é o mexillón o que máis volume achega (90,5% do total da produción en toneladas e 60% do valor económico) fronte a un 3,3% do rodaballo e o 3,1% da troita. A importancia do mexillón é tal que supón o 98% da produción de mexillón producido en España e conta con 300 bateas en Galicia e cun punto forte como é a marca e Denominación de orixe protexida "Mexillón de Galicia". Sen dúbida a comarca costeira onde se produce esta actividade son as Rías Baixas, a través das rías de Vigo, Pontevedra, Arousa, Muros e Noia.

Con todo, na actualidade están identificados uns 1.926 puntos de verteduras²⁶, os cales se concentran o 66% nas Rías Baixas, que como comentamos é onde se obtén a maior produción de mexillón do mundo, o cal constitúe unha ameaza que para a calidade da produción marisqueira. Como dato positivo temos que só o 3% da produción de verteduras se concentran nas rías da Costa da Morte.

Se se analiza a evolución durante o período 2003-08 das principais especies compróbase que a produción do rodaballo medrou un 118%, fronte a un descenso do 23,55% do mexillón e do 30,7% da troita. Así, no conxunto das especies a produción descendeu durante 2006-08 un 34,2%, o que pon de manifesto a necesidade de pór en marcha un novo plan acuícola. Ademais, débese ter presente que se trata dun sector que emprega 18.000 persoas entre postos de traballo directo e indirecto, segundo datos do Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño de España.

É de esperar que co novo plan se poñan en marcha novos investimentos que están paralizados, e que aumente a produción e o emprego do sector. Este consolidará aínda máis a Galicia cunha explotación de 22 plantas acuícolas e, en concreto, á comarca Costa da Morte situándoa nun referente mundial²⁷ neste sector, xa que actualmente supón o 27,3% do total de plantas de acuicultura do litoral. Tamén é significativa a actividade na comarca costeira da Mariña lucense e as Rías Altas (36,4%).

6.2. SECTOR AGRÍCOLA

En relación ao sector agrícola, se ben esta foi unha das bases económicas de boa parte das comarcas do litoral, o seu abandono paulatino, tanto o subsector agrícola como o gandeiro sufriron unha mingua do seu peso económico, e unha redución do tamaño das explotacións, pasando a ser, principalmente, de carácter familiar e, especialmente, para o autoconsumo.

Ademais, a pesar de que os pastos e cultivos da zona do litoral son de gran calidade e que a maior parte da poboación galega se encontra asentada nos concellos costeiros, a menor rendibilidade económica e as maiores oportunidades doutras actividades, especialmente no sector servizos, industrial e ata datas recentes na construción, foron progresivamente reducindo a importancia económica do sector agrícola.

Tradicionalmente ao sector agrícola cando perde poboación ocupada élle moi difícil substituíla, o que axuda a explicar a perda de peso deste sector. Se profundamos nesta evolución son os concellos do interior que forman parte do litoral os que perden máis poboación para o período 2000-08. Este sería o caso de concellos da Mariña Oriental como Trabada, cun descenso do 14,83%, cando Ribadeo medra o 9,08%, ou da Mariña Central, onde O Valadouro perde o 9,61% mentres Burela medra o 14%. Ambos os casos demostran que a poboación busca máis a parte costeira e outros sectores, fronte á alternativa do rural.

Doutra banda, a muller abandona antes o rural que o home, en parte polas dificultades de conciliación da vida laboral e persoal, en parte polas dificultades de encontrar oportunidades profesionais neste sector. Outro dos principais problemas do campo en Galicia é a reducida dimensión das explotacións agrarias, problema estrutural, ademais de difícil solución, xa que en moitos casos a propiedade encóntrase en mans de persoas que viven na cidade ou mesmo no estranxeiro, dificultando as transaccións de terras.

A maior parte da produción agraria do litoral oriéntase cara aos cultivos tradicionais como o millo, as patacas ou as hortalizas. As únicas excepcións son as comarcas do Salnés e O Baixo Miño. Na primeira a agricultura ten un papel destacado sobre todo o cultivo do viño, na súa maior parte baixo a Denominación de Orixe Rías Baixas, e a horticoltura que se desenvolveu nestes últimos anos co cultivo de leituga, tomate, pemento e outros produtos innovadores tales como o kiwi e a flor cortada. Na comarca do Baixo Miño, a agricultura ten unha importante presenza, a excepción de Tui. As características naturais e climáticas da zona converten a esta comarca nun dos lugares máis importantes para a agricultura intensiva de alta produtividade potencial en Galicia. Na comarca é onde se produce máis do 50% do kiwi galego e o 24% do estatal. Tamén é importante o cultivo de flores e hortalizas en invernadoiros, experimentando estes últimos anos un forte incremento da superficie dedicada á esta actividade. Por último destaca o viñedo, especialmente en O Rosal, Tomiño e Salvaterra do Miño, tamén dentro da Denominación Rías Baixas.

6.3. SECTOR GANDEIRO

A tónica dominante en todas as comarcas estudadas foi a redución do número de explotacións, aínda que con diferente intensidade. Este resultado é consecuencia do peche das empresas gandeiras e a tendencia a aumentar o conxunto das reses por explotación. Ademais, conséntase un abandono importante do sector lácteo en practicamente todas as comarcas. Isto é lóxico, xa que o sector lácteo atravesou un momento moi difícil, debido aos excedentes lácteos existentes en Europa e, ademais, á situación de inseguridade dos produtores sobre o prezo e volume de produto recollido, o que incentivou un abandono deste subsector. Dada a actual situación, desde a Consellería de Medio Rural sinalouse un conxunto de actuacións para conseguir unha maior estabilidade ao sector, a través de medidas como contratos homologados.

Como consecuencia do anterior, os gandeiros optaron por destinar máis reses á produción de carne, reducindo a obtención de leite. Ademais, do mesmo xeito que lle ocorría á agricultura, a gandería é unha actividade complementaria desenvolvida sobre todo no interior.

As comarcas nas que se observa un aumento máis considerable da actividade gandeira son O Morrazo, Pontevedra e O Salnés, aínda que o seu peso económico resulta pouco relevante. Aquelas cunha maior facenda bovina son Fisterra (21,10% do total de todo o litoral), Bergantiños (20,5%) e A Mariña Oriental (15,05%).

6.4. SECTOR FORESTAL

A nivel de toda Galicia o sector da madeira xerou no 2008 unha facturación 2.259 millóns de euros (o 3,7% do PIB de Galicia), xerando un emprego directo e indirecto de 26.000 persoas e unha aposta polos investimentos en I+D próxima ao 25%. Cunha superficie arborizada do 48% do territorio galego, o 69% destínase a uso forestal e o 28% a explotación agrícola.

A presenza deste sector dentro das comarcas do litoral resulta moi significativa, especialmente na comarca de Pontevedra, que posúe unha das dúas plantas que ENCE ten en toda España. Unha parte moi importante da produción madeireira de Galicia, sobre todo eucalipto (40% no 2008) destínase a esta planta. Ademais, en Pontevedra cóntase co Centro de investigacións forestais de Lourizán. O sector forestal tamén está presente na comarca do Morrazo, fornecendo ás empresas situadas nas proximidades da comarca.

Na comarca de Ortegal existen un importante número de serradoiros e no parque de Ortigueira tense proxectada a creación dun centro loxístico forestal, e nas comarcas das Mariñas lucenses é moi importante a subministración de madeira á planta que Ence ten en Navia (Asturias). Na comarca de Ferrol destaca a empresa INTASA, dedicada á produción de taboleiros de fibras de madeira. Na comarca de Betanzos, destaca a fábrica de transformados da empresa TABIFER, pertencente ao grupo Tafisa-Sonae, que son líderes a nivel europeo xunto con Finsa.

En Bergantiños, a explotación forestal comarcal baséase no piñeiro e eucalipto cunha incipiente industria de transformación da madeira e a existencia dunha importante planta de produción de taboleiros UNEMSA pertencente ao Grupo Tojeiro. En Fisterra máis da cuarta parte do territorio comarcal está destinado aos recursos silvícolas, onde destacan os piñeiros e os eucaliptos como especie de repoboación, que permite a existencia de numerosos serradoiros. Na comarca de Caldas-O Sar hai unha fábrica do grupo FINSA (Financiera Maderera, S. A.), líder europeo en fabricación de taboleiros e produtos forestais. Nesta comarca o 40% da superficie dedícase á explotación forestal.

Ademais, o subsector é unha peza clave para o sostemento económico da comarca do Baixo Miño. O 50% da superficie da comarca destínase á explotación da madeira, especialmente nos concellos de Oia, O Rosal, Tomiño e Tui.

6.5. SECTOR INDUSTRIAL

Para analizar a situación do sector industrial nas comarcas do litoral optouse por estudar o índice industrial que elabora o Anuario económico de España 2009 de La Caixa. Este indicador permite comparar, de forma homoxénea, a importancia da industria (incluído o sector da construción). A súa elaboración realízase de acordo coa información fornecida polo Imposto sobre actividades económicas (I.A.E), que corresponda ás actividades industriais. Unha das vantaxes deste índice é que reflexa o peso relativo (en tanto por cen mil) da industria nunha zona, respecto ao total de España.

Ademais analizando o número de empresas da actividade industrial xunto á construción, para o período 2003-08 o crecemento foi unicamente do 1% en toda Galicia (3,2% se consideramos a media do litoral). O anterior supón un maior dinamismo industrial no litoral fronte ás zonas de interior.

Con todo, a situación resulta moi diferente se se analiza por comarcas. Así, A Mariña Oriental (-13,5%) é a zona onde máis se reduciu o número de actividades, consecuencia directa do peche de moitas pequenas empresas construtoras e outras auxiliares, en especial nas zonas de costa, onde o sector da construción foi o motor da economía durante moitos anos. A situación contraria obsérvase en Caldas-O Sar (11,9%), Ferrol (6,6%), Pontevedra (6,7%), Vigo (6,4%) e A Coruña (6,2%), todas elas cun significativo aumento do sector industrial.

A partir do índice industrial (mapa n.º 6A) resulta posible determinar que comarcas teñen un maior peso de todo o litoral, destacando A Coruña (880), Vigo (689) e, a certa distancia, A Mariña Occidental (271) e Ferrol (260).

A comarca da Coruña presenta un forte dinamismo industrial consecuencia directa da existencia dun importante número de empresas na comarca, cun importante volume de facturación. Os sectores industriais máis representativos coas súas empresas máis destacadas son os seguintes:

- Enerxético: a refinería do complexo industrial de Repsol-YPF, que permite que o porto da Coruña sexa considerado como un dos maiores receptores de barcos petroleiros en España e de distribución de produtos refinados. Ademais existen dúas plantas de enerxía térmica²⁸, as únicas destas características en todo o litoral situadas no polígono de Sabón en Arteixo, pertencente ao grupo Unión Fenosa.
- Têxtil: destaca especialmente INDITEX, situada en Arteixo, que é un dos principais distribuidores de moda a nivel mundial; Caramelo²⁹ ou Alba Conde, entre outras, que posibilitan que a comarca sexa un referente no sector têxtil a nivel nacional e mundial.
- Forestal: a empresa LOSAN, dedicada á fabricación e comercialización de taboleiros de rechapado en madeira e melanina e Madeiras Peteiro.
- Agroalimentario: a empresa SAPROGAL, que fabrica pensos para a alimentación animal.
- Minería: Lignitos de Meirama, entidade mineira cun ritmo de extracción próximo aos 3 millóns de toneladas anuais e SGL Carbón, empresa situada na Coruña, dedicada á fabricación de produtos grafitados.
- Bebidas: Begano-Cocacola, que é unha das sete sociedades embotelladoras independentes a nivel nacional dos produtos da compañía internacional Coca-cola, e a empresa distribuidora Hijos de Rivera, que produce cervexa coa marca Estrella de Galicia e é propietaria de Augas de Cabreiroá e de Manzanova, dedicada á produción e embotellamento de sidra natural de produción ecolóxica de mazá galega.
- Aluminio: Deson Alcoa, que ten unha planta na Coruña.
- Ademais, cóntase con outra serie de empresas de proxección nacional e internacional, entre as que destacan ISOLUX, grupo español de enxeñería, construción, fabricación, concesións e servizos inmobiliarios; CYMASA, entidade especializada na fabricación de maquinaria e equipos de xeración de enerxía eléctrica; e Freire Hermanos, que distribúe, comercializa e transforma produtos siderúrxicos a nivel nacional.

Séguelle por orde de importancia a comarca de Vigo, onde existe unha importante industria automobilística, liderada polo grupo PSA-Peugeot Citroën, cunha produción anual de máis de 450.000 vehículos. Unha importante industria do mar, conserveira, conxeladora e transformadora. Tamén destaca a construción naval, a pesar das fortes reestruturacións que experimentou o sector, e a industria química e farmacéutica no Porriño. Tamén resulta relevante a fabricación de maquinaria industrial, a enxeñería naval e en menor medida a industria aeronáutica.

Na Mariña Occidental sobresaen a actividade dos concellos de Xove e Cervo. A principal industria é a empresa Alcoa S. A., que é unha das fábricas máis importantes que a empresa ten en España, dedicada ao tratamento da bauxita na nave de Alúmina e a súa posterior transformación na fábrica de aluminio. Doutra banda, está a actividade ligada á arxila e ao caolín. A súa explotación permitiu a creación dunha industria derivada, entre as que destacan as fábricas de ladrillos, tellas e louza. Entre as empresas relacionadas destaca a fábrica de Sargadelos (Cervo).

A comarca de Ferrol presenta o cuarto índice máis elevado de desenvolvemento industrial. Como empresas máis relevantes destacan dúas: REGANOSA e NAVANTIA, que xeran ao seu arredor moitas industrias auxiliares. A primeira recibe, almacena e transforma gas natural licuado a través do seu terminal de Mugarodos, na ría de Ferrol, única destas características en todo o litoral. Desta planta depende directamente a subministración das centrais eléctricas que Endesa e Gas Natural constrúen nas Pontes de García Rodríguez e Arteixo, respectivamente. NAVANTIA é a empresa española líder no sector da construción militar. As súas instalacións están organizadas en catro centros xeográficos, dous destes encóntranse na ría de Ferrol (Ferrol e Fene), que son a construción militar e as reparacións e transformacións. Cómpre destacar tamén a presenza de certo nivel de actividade téxtil como Pull&Bear pertencente ao grupo INDITEX.


Pola contra, as comarcas de Ortegal (36), Betanzos (35) e a Mariña Oriental (11) son as que presentan un menor indicador, debido ao seu escaso desenvolvemento industrial que penalizou o crecemento económico. O resto de comarcas, agás os casos do Salnés e Pontevedra, teñen tamén un desenvolvemento económico moi reducido.

Se se analizan os sectores económicos máis importantes do litoral sen ter en conta o enerxético, que se estudará na epígrafe seguinte, destacan a automoción, téxtil, conserveiro e naval, cuxas características máis sobresaíntes veranse a continuación.

O automóbil é o sector economicamente máis importante do litoral e de Galicia, coa presenza de Citroën-Peugeot e a industria auxiliar, situada en Vigo. Esta supón preto do 20% do PIB galego, e é sen dúbida a máis exportadora na balanza de pagamentos galegos. Existen 1.126 empresas segundo datos da consultora D&B e empregan ao redor das 28.000 persoas, e isto converteu Galicia na quinta comunidade de España por importancia no sector do automóbil.

En segundo lugar estaría o sector téxtil, o cal conta en Galicia con máis de 1.400 empresas, que teñen ao redor de 16.000 persoas directas afiliadas á seguridade social, cunha facturación que supón ao redor de do 14% do PIB galego. Así, INDITEX, situada en Arteixo, e en menor medida en Ferrol, xera sobre o 37% do emprego do sector galego e o 65% da facturación. Ademais, despois do sector do automóbil da comarca de Vigo, é o que máis contribúe na balanza de pagamentos do comercio exterior en Galicia.

O sector conserveiro é historicamente moi importante para Galicia, non só polas súas cifras económicas, senón porque é xeradora de emprego especialmente feminino, cuxo segmento ten máis dificultades de incorporarse ao mercado laboral. Actualmente o sector emprega ao redor de 16.000 persoas e o 65% da produción total de España ten lugar en Galicia. En canto presenza comarcal, está máis concentrado nas comarcas das Rías Baixas, (Noia-Muros, O Barbanza e O Morrazo), pero non podemos esquecernos da presenza en Bergantiños a través da empresa Calvo e tamén en Ortegal, concretamente en Cariño.




Mapa n.º 6 A
Situación do sector industrial nas comarcas do litoral.
Fonte: Elaboración propia.

Como cuarto sector pódese sinalar o da construción naval, se ben se encontra a unha distancia considerable dos outros tres, entre outras razóns porque sufriu dúas importantes reconversións. A pesar de todo ao redor do 40% dos estaleiros de España encóntranse en Galicia, empregando ao redor dunhas 3.300 persoas directamente. A súa actividade concéntrase principalmente nas comarcas de Ferrol, aínda que tamén existe certa actividade en Vigo e O Morrazo, así como pequenos estaleiros situados polo litoral galego. Debemos destacar como aspecto positivo que existe un gran *know-how* do sector que permitirá adaptarse a novos mercados. Pola contra, o ERE presentado por Rodman no estaleiro do Morrazo pon de manifesto a situación delicada do sector.

Pero non pode haber industria sen polígonos industriais, nin moito menos se pode atraer e xerar novas industrias sen novas instalacións. O litoral galego dispón do 60% da superficie dos polígonos de toda Galicia, tendo maior superficie as comarcas da Coruña³⁰ (7,9 millóns de metros cadrados) e a construción no polígono de Morás (Arteixo), de 1,5 millóns de metros cadrados, Vigo (6,9 millóns), Ferrol (2,6 millóns) coa previsión de 1,3 millóns de metros cadrados, que xunto á Mariña Occidental (631 mil metros cadrados), son as que teñen maior índice industrial.

Pódese comprobar como existe unha correlación entre o feito de que as comarcas que teñen unha importante infraestrutura portuaria e de polígonos industriais teñen un importante índice industrial. Así as comarcas da Coruña³¹ e Vigo, ambas cun índice industrial que supera os 650 puntos, son as que teñen os dous portos máis importantes de todo o litoral galego. Un argumento similar pódese sinalar para a Mariña Occidental, polo porto de San Cibrao, a comarca de Ferrol co porto de Ferrol, O Salnés co porto de Vilagarcía de Arousa e Pontevedra co porto de Marín.



6.6. SECTOR ENERXÉTICO

O subsector enerxético tocámolo tanxencialmente no sector industrial, pero dado a importancia que este ten en Galicia, así como a súa relevancia dentro do litoral, entendemos que é mellor dedicarlle unha epígrafe á parte.

Ao analizar as infraestruturas enerxéticas do litoral compróbase que na comarca da Coruña encóntrase a refinería de Repsol, única existente destas características en toda Galicia, e historicamente gran fonte de riqueza, ao ser no seu momento a icona do polo de desenvolvemento industrial dos anos 60. Outra grande infraestrutura é a recente planta regasificadora de Mugaros na comarca de Ferrol, única dedicada ao gas en toda Galicia. Estas dúas plantas explican o gran movemento portuario que houbo nos portos da Coruña e Ferrol, entre outros. Ademais no concello de Ferrol estase construíndo a biorrefinería.

Centrándonos na xeración de enerxía eléctrica, medida en potencia instalada, Galicia é, sen dúbida, un referente nacional con 10.823 MW no 2008: o 33,3% procedente de centrais térmicas, o 30,9% das hidroeléctricas, o 28,8% de natureza e o 5,7% da coxeración. Así, preto do 61% é enerxía renovable, cando no ano 2000 a cifra era do 55,5%, esperando que para o 2012 sexa do 67,5%.

Este crecemento estase producindo no subsector eólico, que en Galicia rexistrou un aumento espectacular. Comparando os datos do sector eólico galego co resto do mundo, no ano 2004, a potencia instalada era superior á que se ten instalada en Italia, Holanda ou Reino Unido, o que indicaba que a Comunidade Galega tiña o 25,5% de toda a potencia eólica mundial (a sexta potencia eólica de todo o mundo). Esta industria no 2004 supuxo 2.200 empregos directos. Para 2010, a Asociación Eólica de Galicia estima a creación de 3.300 postos de traballo. Sen dúbida esta forte expansión desta fonte de enerxía renovable permitirá que a Comunidade Galega alcance o obxectivo da Comunidade Europea para 2010 de obter o 12% da enerxía deste tipo de alternativas.

Analizando a situación no litoral, a produción de enerxía eléctrica é de 1.949 MW (18% do total da enerxía eléctrica galega). Trátase dunha porcentaxe relativamente pequena se temos en conta que no litoral vive o 59% da poboación galega e encóntranse as principais empresas consumidoras de enerxía eléctrica. Nesa liña a produción eólica do litoral é o 17,5% sobre o total de Galicia, a hidráulica o 6,8%, a térmica o 22,9% e a coxeración o 56%.

As centrais térmicas do litoral achegan o 42,4% do total da enerxía do litoral (827 MW), as eólicas o 28% (545,57 MW), as de coxeración o 17,9% (348 MW) e as hidroeléctricas o 11,6% (226 MW).


O mapa n.º 6B permite representar a importancia enerxética do litoral. O primeiro indicador é a importancia relativa de cada comarca no total da produción enerxética do litoral. Compróbase como a comarca da Coruña xera o 50,2% de toda a enerxía eléctrica do litoral, co 100% da produción térmica, debido ás plantas de Unión Fenosa no polígono de Sabón-Arteixo que conta coa central térmica de ciclo combinado con 382 MW e a central térmica de Fuel con 445 MW (reflectido como segundo indicador no mapa n.º 6B). Ademais esta comarca ten o 43,4% da enerxía xerada por coxeración en todo o litoral. Se a isto engadimos a xa mencionada refinería de Repsol e que a empresa eléctrica galega Fenosa tiña a súa sede na cidade herculina resulta evidente a súa importancia enerxética.

A comarca de Fisterra é a segunda gran produtora de enerxía do litoral galego (12,3%), na que predomina a enerxía hidroeléctrica (64,02% de todo o litoral). Como terceira comarca produtora de enerxía eléctrica encontraríase Noia-Muros co 9,8% do total do litoral, centrándose en enerxía hidroeléctrica e eólica. A Mariña Occidental ocupa a cuarta posición comarcal co 5,9%, centrada especialmente en enerxía eólica. Ferrol, con 5,8 sería% a quinta, especialmente pola enerxía obtida por coxeración e en menor medida pola eólica.

Como segunda gran fonte enerxética de produción eléctrica no litoral, encóntrase a eólica, que ademais constitúe unha enerxía renovable. Tendo en conta que representa o 28% do total de enerxía do litoral considerouse necesario incluíla como terceira variable no mapa n.º 6B. A área creada polas comarcas de Noia-Muros cun 21% do total da enerxía eólica do litoral e Fisterra co 17,4%, supón o 38,4%. A comarca costeira das Rías Altas coas comarcas da Mariña Occidental (19,8%) e Ortegá (10,3%) suman o 31%.

Dada a importancia do sector eólico, cómpre comentar que o concurso realizado no ano 2008, con recursos xurídicos e pendente de facerse un novo concurso eólico, fai que se estean paralizándo investimentos nun sector crucial para a economía galega e especialmente en comarcas que non contan cun índice industrial moi elevado.

Ademais, creouse un proxecto europeo das empresas vinculadas ás enerxías renovables da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal, para potenciar a enerxía mareomotriz, que pode ter un importante impacto económico nos próximos anos.



Mapa n.º 7

Análise da situación do subsector da construción por comarcas, atendendo á relación entre a construción de vivendas e a poboación residente

Fonte: Elaboración propia

6.7. A CONSTRUCIÓN

Para analizar a importancia dun sector económico tan dinámico e importante como é o da construción optouse por un indicador que estudase a variación no número de vivendas, durante o período 2001-07, como indicativo do dinamismo do sector a partir da información construída a través de diversas fontes dentro do IGE. En segundo lugar optouse por presentar un indicador que reflecta o exceso de vivendas. Para iso partiuse do *stock* de vivendas obtidas do primeiro indicador para o 2007, xunto á poboación neste período, e ao número de integrantes dunha unidade familiar, obtida a nivel municipal e polo tanto comarcal. Isto permítenos determinar o número de vivendas necesarias para cada comarca para atender a súa poboación residente; a diferenza entre este dato e o número real de vivendas existentes en cada comarca permítenos saber o exceso das vivendas, que ao ponderalas sobre o total delas temos con precisión a porcentaxe de exceso de vivendas dunha comarca para atender á súa poboación residente.


O mapa n.º 7 permite analizar a situación do subsector da construción por comarcas para todo o litoral galego. Así, A Mariña Oriental, A Mariña Occidental e O Barbanza son as tres comarcas cunha maior variación no número de vivendas entre 2001-07 superior ao 40%. Este resultado pode deberse á importancia da construción nalgunha das zonas máis turísticas da comarca, sobre todo, naquelas zonas máis próximas ás praias.

Así mesmo, obsérvase como nestas tres comarcas existen moitas máis vivendas por habitante que a media do litoral, o cal pon de manifesto a existencia de segundas residencias³², xa que aumenta o número de vivendas tanto novas coma rehabilitadas, por riba do crecemento da súa poboación. Así en época estival a poboación pode chegar mesmo a triplicarse en núcleos urbanos como Viveiro. Tamén pode ser que este interese pola vivenda responda ao desexo de ter unha propiedade preto da praia como investimento, aspecto correlacionado co seu nivel de renda no caso da Mariña Oriental.

No que respecta ás comarcas con menor crecemento da construción encóntanse Noia-Muros e Vigo. Este resultado pode explicarse, polo menos en parte, polo decrecemento progresivo da actividade económica no primeiro caso, mentres que no caso da comarca de Vigo, en parte os elevados prezos do solo provocaron que a construción se desprazase cara ás comarcas limítrofes como o caso do Baixo Miño.

Un resultado moi relevante é o que se obtén da análise do exceso de vivendas por residentes (segundo indicador), que figura no mapa n.º 7. Obsérvase como presenta unha porcentaxe superior ao 50% nas comarcas da Mariña Oriental e A Mariña Occidental e entre o 45 e 50% nas comarcas da Mariña Central, Bergantiños, Noia-Muros, O Barbanza e O Salnés, que adoitan ser zonas de importante atractivo turístico en época estival. Pola contra, as comarcas da Coruña, Pontevedra, O Morrazo e Vigo cun indicador de exceso de vivendas do residente inferior ao 30% son as que mostran unha maior utilización das edificacións.

Se se correlacionan ambos os indicadores, obsérvase como nas comarcas da Mariña Occidental, A Mariña Oriental, O Barbanza e A Mariña Oriental prodúcese un exceso de vivendas. O caso do Salnés, onde se ben existe un exceso de vivenda pero non se encontra no grupo de comarcas con maior incremento de vivendas para o período 2001-2007, obedece máis ben á existencia dun parque de vivenda estrutural ou máis antigo. O caso de Bergantiños, cunha situación estatística semellante ao Salnés, a súa explicación está máis no escaso crecemento da súa poboación, de tal xeito que se construíu menos vivenda que noutras comarcas, pero moito máis que as necesidades da súa poboación.



Mapa n.º 8
Peso relativo da actividade comercial no litoral en relación coa poboación do lugar.
Fonte: Elaboración propia

6.8. ACTIVIDADE COMERCIAL

O mapa n.º 8 permite establecer a importancia da actividade comercial no litoral de acordo co índice comercial para 2008. Este indicador obtívose a partir da batería de ratios construídas por La Caixa no seu Anuario económico de 2009. En concreto, esta variable permite obter un índice comparativo da importancia do comercio, tanto por xunto como polo miúdo, a partir da información fornecida polo Imposto de actividades económicas (I.A.E.), correspondentes ás actividades previamente mencionadas. Este indicador reflicte o peso relativo, en tanto por cen mil da actividade comercial dunha zona en relación ao total nacional.

A partir deste indicador, compróbase como A Coruña e Vigo, ambas cunha cifra que supera os 1.000 puntos, son as grandes zonas comerciais do litoral galego, seguidas das comarcas de Ferrol e Pontevedra, cun indicador de 299 e 190, respectivamente. Así, as catro comarcas recollen o 73% de toda a actividade comercial do litoral galego. Pola contra, Caldas-O Sar, Betanzos, A Mariña Central, A Mariña Oriental e Ortegal unicamente supón o 4,2% de toda a actividade comercial. Polo tanto, o comercio no litoral galego encóntrase polarizado en catro grandes comarcas, aínda que só A Coruña e Vigo supoñen o 60% do total.

Así resulta moi probable que ademais dos propios residentes en Vigo e Pontevedra, os de Caldas-O Sar, O Barbanza, O Salnés, O Morrazo e O Baixo Miño (aos que hai que engadir os que veñen de Portugal) acudan a estas dúas cidades a realizar as súas grandes compras. Isto mesmo poderíase sinalar para as comarcas da Coruña e Ferrol, que actúan como polo de atracción aos habitantes das comarcas de Fisterra, Bergantiños, Betanzos, Ortegal e incluso de toda a Mariña lucense, aínda que neste caso tamén condiciona a proximidade ao Principado de Asturias e a Lugo.

Dentro da comarca da Coruña, a cidade da Coruña supón unha importante cabeceira comercial cunha poboación dentro da súa área comercial de máis de 910.000 habitantes, que inclúe a subárea comercial de Carballo, Betanzos

e Cee, e parte da poboación das áreas comerciais de Ferrol, Lugo e Santiago de Compostela. Este pulo comercial na Coruña foi desprazando a industria cara aos concellos limítrofes, o cal xerou que a comarca da Coruña teña o maior índice comercial de todo o litoral.

Desde hai décadas na Coruña compróbase o importante incremento de grandes almacéns e centros comerciais, que conviven con aqueles que xa estaban implantados desde hai moitos anos (El Corte Inglés, Supercor, Alcampo, Carrefour). Así destacan Comcor, Los Rosales Centro Comercial, o Puerto Centro Comercial e máis recentemente Dolce Vita, Papagaio, Espazo Coruña e a Marineda Plaza coa firma IKEA (no 2010). En Culleredo, concello próximo á cidade da Coruña, encóntrase o Centro comercial Haley Área Metropolitana, estando prevista a apertura dun segundo centro comercial nas antigas instalacións da Toxa.

Todos estes establecementos conviven cos pequenos comercios tradicionais que, a pesar de que se organizaron para a súa supervivencia, móstrase unha perda do comercio tradicional incapaz de competir coas grandes marcas instaladas na Coruña. Porén, a competencia tamén afectou as grandes superficies, xa que o número de locais baleiros duplicouse respecto ao 2008, de aí que se observe un forte competencia entre os centros comerciais que ven como non son capaces de arrendar todos os seus locais.

A comarca de Vigo sería a segunda grande área comercial do litoral galego, sendo a cidade de Vigo a que ten a maior actividade comercial de Galicia. Dispón de centros comerciais como El Corte Inglés, Alcampo Vigo I e II, Carrefour, Camelias Centro Comercial, Praza Elíptica, Travesía, Gran Vía Vigo, etc. que poñen de manifesto a importancia comercial desta comarca e en especial de Vigo como epicentro comarcal. Hai que destacar tamén a afluencia de persoas do norte de Portugal (ata Porto), que veñen a Vigo a facer as súas compras.

A comarca de Ferrol constitúe a terceira área comercial en Galicia, que chegaría ata a comarca de Ortegal no norte, o leste nas Pontes e ao sur a Pontedeume-Miño, o que suporía unha poboación comercial superior aos 200.000 habitantes. Nesta comarca predominan os pequenos comercios, que nalgún caso agrupáronse baixo unha denominación e instalacións comúns, como o centro comercial aberto da Magdalena, para poder competir cos grandes centros comerciais da zona: Alcampo e Porta Nova (Ferrol) ou Dolce Vita Odeón (Narón) e o centro comercial Comcor xusto en fronte do Odeón.

Con todo, a forte crise industrial, económica e demográfica presente desde hai anos na comarca, xunto á crecente presenza de grandes centros comerciais, provocou o peche de moitos pequenos establecementos, sobre todo na zona de Ferrol Vello, Canido e, en menor medida na Magdalena ou Esteiro. Todo isto explica que a cota de mercado na comarca de Ferrol descenda nos últimos anos.

Finalmente, a cuarta grande área comercial do litoral sería Pontevedra. Na comarca a cabeceira de área comercial encóntrase na cidade de Pontevedra, non só pola existencia de moitos establecementos pequenos ou medianos, senón polas importantes empresas que se dedican á distribución ao por xunto, cunha área de influencia non moi extensa, pero con poboacións destacables como Vilagarcía de Arousa, Vilanova, Cambados, Sanxenxo, Cangas, Marín ou Moaña, entre outras.

Todo o anterior non implicaría a inexistencia de certo nivel de actividade comercial no resto de comarcas, pero sobre todo orientada ao pequeno comercio polo miúdo, tan habitual en todas as cidades e vilas do litoral galego. Así agás as catro comarcas con maior índice comercial, o comercio por xunto é algo pouco corrente, xa que as grandes superficies encóntranse nestas comarcas. Ademais, compróbase a existencia de importantes contrastes entre as zonas urbanas e rurais mesmo dentro das súas comarcas.

O mapa n.º 8 tamén permite realizar un exercicio de relación entre a poboación comarcal e o índice comercial, chegando á conclusión da existencia dunha correlación positiva e moi alta entre ambas as variables. De xeito que unha maior poboación é un forte atractivo para o desenvolvemento comercial.



Carnota.
Costa do Pindo a Monte
Louro

III.2.06



III.2.07

Combarro. Rías Baixas

6.9. HOSTALERÍA E LECER

A literatura económica xustifica que o número de instalacións de hostalería e lecer teña moita relación co nivel de poboación e a importancia turística da zona. Ademais, o sector da hostalería e o lecer pode xogar un importante papel como alternativa económica a outras actividades en recesión.

Para medir esta relación nas comarcas do litoral optouse por utilizar o índice de restauración e bares para 2008 elaborado por La Caixa no seu Anuario económico de España, que permite reflectir o peso relativo (en tanto por cen mil) da actividade de restauración e bares dunha zona determinada respecto ao total de España.

A media de crecemento do indicador en todas as comarcas do litoral entre 2003-08 foi do 2,8%. As tres comarcas cun indicador maior son A Coruña (1.176), Vigo (949) e Ferrol (421). Na Coruña sempre houbo un gran desenvolvemento do sector do lecer. Este resultado pode extrapolarse a concellos como Santa Cristina, Santa Cruz (Oleiros) ou Sada. Podemos destacar dúas empresas importantes que operan no sector do lecer e entretemento e máquinas recreativas, casinos, como son grupo Comar e Egasa, que traballan en mercados nacionais e internacionais. Ademais, non se pode obviar o fenómeno deportivo que viviu A Coruña. Os éxitos deportivos, agora menores que hai uns anos, atraeron moitos visitantes doutras zonas de Galicia, de España e mesmo do estranxeiro. Finalmente é preciso destacar que o incremento de actividades de restauración e bares dos concellos do litoral da comarca da Coruña (7,7%) convértena na segunda comarca que máis medrou despois de Pontevedra.

A comarca de Vigo ocupa o segundo posto dentro de todas as comarcas do litoral. Sen dúbida o seu papel como motor económico da zona, tanto no campo industrial coma nos servizos, xerou este resultado. Ademais, compróbase como a tendencia segue sendo positiva (5,4% de incremento entre 2003-08).


Con todo, Ferrol, a pesar de ocupar o terceiro posto, rexistra un crecemento moi pequeno na comarca durante 2003-08 (1,1%), o que pon de manifesto que a actividade baseada no lecer non foi capaz de substituír outras actividades económicas.

Resulta necesario destacar tres comarcas máis, que sen ter a importancia das xa mencionadas, teñen un comportamento que merece ser sinalado. En primeiro lugar, O Salnés, onde a hostalería é uns dos subsectores do sector terciario con máis peso na comarca. Este tipo de establecementos teñen unha grande importancia nos concellos con gran peso turístico como Sanxenxo cun incremento do 13,2% de actividades para o período 2003-08 e O Grove, cun aumento do 25,2%, que constitúe o segundo concello con maior incremento de todo o litoral. Son precisamente estes dous concellos os que teñen o maior número de actividades de restauración por cada 1.000 habitantes (15 en ambos os casos) o que representa a importancia deste sector na comarca do Salnés e en concreto nestes concellos (no litoral e a media galega o indicador é 8,6 e 8,7, respectivamente).


En segundo lugar, Pontevedra, que recolle un aumento da actividade do 8,4%, situándose cun indicador de 989. Nesta comarca a hostalería e o lecer tamén xogan un papel importante na economía da comarca sobre todo nas zonas máis dependentes do turismo como poden ser os concellos de Poio e Pontevedra.

Finalmente encóntrase a comarca do Morrazo, que cun indicador de 698 recolle un aumento durante o período 2003-08 do 5,9%, o que pode estar indicando que está apostando polo turismo como alternativa á crise dos seus outros sectores como a construción e a industria.

As comarcas cun comportamento máis discreto deste indicador son Caldas-O Sar, Fisterra e Muros-Noia. Sen ningunha dúbida, esta perda de peso no sector hostaleiro e do lecer, complica en gran medida as alternativas para mellorar a situación económica dunhas zonas con importantes problemas para mellorar a súa actividade produtiva.



Mapa n.º 9
Análise comparativa entre o índice turístico e o número de equipamentos dispoñibles para este sector.
Fonte: Elaboración propia



Mapa n.º 10
Análise do desenvolvemento tecnolóxico tendo como base o número de liñas de banda larga
Fonte: Elaboración propia

6.10. ACTIVIDADE TURÍSTICA

En xeral, todo o litoral galego ten un potencial turístico moi alto, pero por veces, tal e como se verá a continuación, escasamente aproveitado. Para a súa medición utilizouse o índice comparativo da actividade turística, elaborado polo Anuario económico de España, de acordo coa cota satisfeita polo I.A.E. correspondente aos establecementos turísticos (hoteis e moteis, hoteis-apartamentos, hostais e pensións, fondas e casas de hóspedes, cámpings e apartamentos xestionados por empresas), número de cuartos e ocupación anual, o que permite obter un indicador da oferta turística.

Os principais polos de atracción turística, utilizando o índice turístico para 2008, son as comarcas da Coruña (544), Vigo (398) e O Salnés (352), seguido a moita distancia de Ferrol (94), Pontevedra (90) e O Baixo Miño (72). Pola contra, as que menor desenvolvemento turístico presentan son Caldas-O Sar (14), Ortegal (7) e moi especialmente Betanzos (4).

Polo tanto, a actividade turística encóntrase polarizada ao redor de tres comarcas, que supón o 72% do potencial turístico do litoral galego (mapa n.º 9). A explicación de que a comarca da Coruña teña o índice máis alto encontrámola nas súas praias, a súa infraestrutura hoteleira, unha ampla oferta cultural, como a tríade científica da cidade da Coruña (Casa dos Peixes, Casa das Ciencias e o Domus), o Museo de Belas Artes da Coruña, e na organización de congresos que, dada a infraestrutura de que dispón, como Palacio de Congresos e Exposicións, Expo Coruña, o Coliseum ou Palexco, permite captar este tipo de turismo. A recente denominación como Patrimonio da Humanidade da súa emblemática Torre de Hércules vai reforzar os seus indicadores turísticos, e non podemos esquecernos das comarcas lindeiras como Sada, Oleiros ou Bergondo.

A comarca de Vigo tamén é de grande interese turístico, destacando a ría de Vigo, a cidade de Vigo cos seus museos, entre os que podemos destacar MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), o centro de Cultura de Caixanova, Museo do Mar, etc., ademais de concellos moi atractivos como Nigrán, Baiona (cun porto deportivo e o Parador de Turismo), Gondomar ou o Castelo de Soutomaior.

Por último, O Salnés ocupa o terceiro lugar, pero se o ponderásemos por poboación sería o número un; entre os seus atractivos encontramos as súas máis de 80 praias cun importante valor ecolóxico como A Lanzada, Montalvo con bandeira azul, oferta turística como mergullo, vela, windsurf, campo de golf do Monte Castrove, a Illa da Toxa ou o centro histórico de Cambados, entre outros.

O mapa n.º 9 tamén permite realizar un interesante exercicio de comparación entre o índice turístico e o número de cuartos dispoñibles en hoteis, hostais, casas rurais e demais establecementos de hospedaxe. Compróbase como, de novo, a comarca do Salnés (7.587 prazas), A Coruña (4.089) e Vigo (3.703) son as que presentan un maior indicador. Considerando só estas tres comarcas suporía o 61% das prazas hoteleiras. Pola contra, A Mariña Central (389), Ortegal (321) e Betanzos (151) só posúen o 3,4% de toda a oferta de aloxamento do litoral. Sen dúbida, esta carencia de prazas supón un hándicap ao desenvolvemento da actividade.

De cara ao futuro máis inmediato cómpre aproveitar o tirón que vai supor o Xacobeo do 2010, do que se poden beneficiar especialmente as comarcas situadas na Costa da Morte, que é o destino para moitos peregrinos, se ben existen 13 comarcas das 17 que compoñen o litoral con ruta xacobeá.

En segundo lugar, entendemos que pode ser interesante estudar a posibilidade de crear unha marca turística relacionada co medio natural, sendeirismo, a Galicia verde, o mar, as súas montañas, as súas rías, e eses valores poden quedar reflectidos nun Eco-Turismo-Verde, sinónimo de Galicia, que se puidese comunicar a mercados nacionais e internacionais.

6.11. SECTOR PÚBLICO

A existencia dunha actividade pública importante tamén pode ser un indicador do desenvolvemento económico dunha zona. Así, non é casualidade que onde exista unha forte presenza do sector público aumente a renda per cápita e presente unha estrutura económica máis desenvolvida. A existencia de institucións como xulgados, escolas militares, universidades, pode ser un motor económico e elemento de xeración de emprego. Ademais, un sector público desenvolvido permite conseguir unha serie de obxectivos entre os que destaca a promoción económica, promoción de empresas de alta tecnoloxía ou atención a sectores económicos claves para a economía galega.

Aínda cando en todas as comarcas do litoral existen diferentes organismos públicos, como oficinas de emprego público (INEM-Servizo galego de colocación), Seguridade Social, rexistros da propiedade, colexios, institutos, escolas de formación profesional, hospitais, etc., son as comarcas de Vigo, A Coruña, Ferrol e Pontevedra as que contan cunha maior dotación de equipamentos e instalacións públicas. As catro forman parte das grandes cidades de Galicia e A Coruña e Pontevedra son, ademais, capitais de provincia que contan coas súas respectivas deputacións provinciais.

Así, a comarca de Vigo dispón dun conxunto de instalacións públicas moi vinculadas coa actividade pesqueira (a sede da Axencia Europea de Pesca, a Autoridade Portuaria de Vigo), industrial, principalmente o Consorcio da Zona Franca, e de natureza educativa (a Universidade de Vigo). Na comarca da Coruña encóntranse, entre outros, a Capitanía Militar da VIII Rexión, Capitanía Marítima, a Delegación do Goberno, a Delegación de Facenda, o Tribunal Superior de Galicia, a Deputación e a Universidade da Coruña.

No relativo á comarca de Ferrol, como herdanza da súa forte presenza militar existen un importante número de institucións de natureza castrense. Finalmente, ao ser Pontevedra capital de provincia, o peso do sector público é moi importante. Así, na propia cidade encóntranse oficinas e delegacións das distintas Administracións, tales como o Palacio da Deputación Provincial de Pontevedra ou as delegacións provinciais da Xunta de Galicia, e tamén acolle oficinas ministeriais como a Subdelegación do Goberno en calidade de capital de provincia. Isto axuda a entender como tanto A Coruña como Pontevedra son as dúas comarcas con maiores rendas do litoral.

6.12. PLANS DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA

Se ben na maior parte das comarcas existen plans de dinamización económica, nalgunhas estas iniciativas, dado o importe das actuacións investidas e a súa transcendencia sobre o tecido produtivo, merecen certa análise polo miúdo. Para a elaboración desta parte acudiuse á información publicada polos diferentes concellos e organismos involucrados nos plans de dinamización.

Este sería o caso da comarca de Ferrol, que conta con catro plans financiados con fondos públicos. En primeiro lugar, o Plan Ferrol, promovido pola Administración Central e Autonómica, con importantes axudas para a zona para atraer empresas e dinamizar a economía. O segundo lugar, o plan URBAN, financiado con fondos FEDER (2007-2013) destinado á rexeneración dos barrios históricos de Ferrol Vello, Canido e A Madalena. En terceiro lugar están os Grupos de desenvolvemento local como a Asociación Noroeste, que xestionan fondos do programa LEADER PLUS, durante o período 2007-13, para o desenvolvemento rural dos concellos da comarca. O cuarto sería o Grupo de acción costeira Golfo Ártabro, que son fondos europeos para o desenvolvemento da actividade pesqueira, se ben non é específico soamente da comarca de Ferrol.

Na comarca de Bergantiños destaca o plan INCYDE³³, programa de carácter nacional, que trata de proporcionar ás empresas orientación para determinar oportunidades de mercado, xestión de proxectos, etc., planificando e elaborando un proxecto de empresa como guía, que fixo un labor destacado nesta comarca Temos que destacar o Grupo de acción costeira da Costa da Morte, así como o Plan PRODER, e unha fundación de desenvolvemento comarcal.

Na comarca de Fisterra destaca o Plan da Costa da Morte 2006-13, elaborado pola Xunta de Galicia, que de acordo cunha perspectiva integral de actuación, trata de mellorar as infraestruturas da comarca e o capital humano, así como crear iniciativas para dinamizar o crecemento económico na zona. Conta esta comarca co plan PRODER, ademais do Grupo de acción costeira xunto á comarca de Bergantiños.

No Barbanza, grazas ao Plan PRODER desenvóléronse varios proxectos xeradores de emprego, desenvolvemento local e cultural, baseados na recuperación de núcleos rurais, parques infantís, infraestruturas, socio-culturais, servizos sociais e tecido empresarial e turístico. Un segundo programa dentro da comarca foi o Equal I-II, tamén financiado pola UE enfocado á formación e cualificación de mulleres desempregadas que se puxo en marcha na comarca do Barbanza.

Na comarca do Salnés é preciso destacar, de novo, o Plan PRODER, que ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión da comarca, a mellora da calidade medioambiental, o fomento da formación e creación de emprego, o desenvolvemento dos sectores da comarca, o fomento das novas tecnoloxías para o desenvolvemento rural e a mellora de infraestruturas e servizos públicos; conta para iso co centro de desenvolvemento comarcal do Salnés.

Na comarca do Morrazo cóntase co grupo Desenvolvemento rural Pontevedra-Morrazo, que ten previsto investir na zona en tres liñas de actuación: sector agro-forestal, contorno rural e medioambiental e diversificación da economía e mellora da calidade de vida. Finalmente na comarca do Baixo Miño, a zona encóntrase dentro da iniciativa PRODER, que busca o desenvolvemento económico, social e sostible da zona rural.

6.13. BANCA

Outro dos indicadores que se pode utilizar para medir a actividade económica dunha zona é o número de entidades bancarias, ao existir unha correlación positiva e moi alta entre o desenvolvemento económico e o número de entidades bancarias. A información que se relaciona foi obtida do Anuario económico de La Caixa, que contabiliza o número de sucursais abertas ao público de bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito.

En termos globais, durante o período 2000-08, o aumento de entidades foi do 7%, fronte ao crecemento practicamente nulo da media galega, o que indica que no interior pecharon oficinas bancarias. Así, compróbase como as zonas con maior nivel de renda adoitan ter un desenvolvemento paralelo no número de entidades bancarias. Porén, isto non sempre é así, xa que comarcas como Ferrol, que é unha das que onde máis aumenta o número de oficinas bancarias, non é das que ten maiores indicadores de renda. Isto débese a dous factores: un conxuntural, consecuencia do crecemento da actividade promotora, e outro derivado dos plans de expansión da banca nacional nas grandes cidades galegas, nas que se inclúe Ferrol.

Outro dos indicadores para coñecer a dimensión da banca en cada comarca é o número de oficinas por cada 1.000 habitantes. Do mesmo xeito que o número de entidades, parece que debe existir unha correlación positiva e alta entre a ratio de oficinas entre habitantes e o nivel de actividade económica, pero isto non sempre se manifesta.

Así, A Mariña Oriental, con 1,17, supera o 0,88 de media do litoral, pero neste caso débese á existencia dunha renda per cápita superior á doutras zonas de Galicia. Noutras ocasións, tal e como ocorre na Mariña Central, a evolución do número de oficinas bancarias é negativa nos últimos oito anos, aínda que o número de oficinas por poboación (1,13) sexa superior ás medias galegas e do litoral. Isto débese ao sobredimensionamento da banca, non sendo un problema de crecemento económico da zona.

Na Coruña recóllese un aumento moi notable do número de entidades, sendo a comarca que máis medrou de todo o litoral (21,6%). Este resultado resulta esperable dado o peso da banca polo Banco Pastor e Caixa Galicia, que teñen as súas sedes principais na Coruña. Doutra banda, as delegacións territoriais dos principais bancos nacionais están na Coruña, como a do Banco Santander Central Hispano e o Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, etc. Este resultado tamén se traslada á ratio de oficinas por cada 1.000 residentes que é un dos máis altos de Galicia (1,03).

Na comarca de Betanzos foi onde naceu o Banco Etcheverría, entidade decana da banca nacional. Actualmente posúe oficinas nas catro provincias galegas, Madrid e Castela e León, e ten un plan de expansión que inclúe a apertura de oficinas noutras partes de España; aínda así os indicadores de expansión bancaria na comarca son discretos, debido, por unha parte, a que é un banco familiar, e en segundo lugar polo reducido dinamismo económico da comarca. Finalmente na comarca de Vigo obsérvase un importante incremento do número de oficinas, do 15,9% durante 2000-2008, que responde á forte actividade económica da zona, ademais de encontrarse alí a sede central de Caixanova.

6.14. DESENVOLVEMENTO TECNOLÓXICO

O desenvolvemento das telecomunicacións é un dos piares para mellorar a produtividade das empresas. Entre outros resultados pódese sinalar que o acceso ás tecnoloxías da información permitirá compartir recursos e mellorar os procesos de aprendizaxe e de formación dos nosos estudantes e traballadores en activo.

Todo isto será posible se se confía no desenvolvemento da banda ancha para o éxito das telecomunicacións. Este proceso non acabará aquí, senón que grazas ao despregue da fibra óptica, os cidadáns, os fogares, as empresas terán ao seu alcance moitas oportunidades para avanzar e consolidar o seu desenvolvemento. Precisamente por iso, resulta de interese coñecer a implantación das liñas de banda ancha nas comarcas do litoral.

O mapa n.º 10 permite coñecer a situación das diferentes zonas de acordo co número de liñas de banda ancha por cada 100 habitantes. Este indicador, obtido a partir do Anuario económico de España elaborado por La Caixa, contabiliza as liñas de banda ancha a 1 de xaneiro de 2008.

Compróbase, a partir do mapa n.º 10, como as comarcas da Coruña e Vigo, con 21,3 e 18,0, respectivamente son as dúas que presentan un maior desenvolvemento das liñas de banda ancha, situándose, sobre todo A Coruña por riba da media do litoral (15,6) e a media de toda a Comunidade Galega (13,3). Séguenlle, Pontevedra (15,9) e A Mariña Central (15,3). Sen dúbida, o resultado das tres primeiras comarcas débese á existencia de centros universitarios, coa conseguinte demanda directa destes servizos, tanto por parte das propias institucións (universidades da Coruña e Vigo), como os propios estudantes nos seus fogares³⁴, ao que hai que engadir tamén o maior nivel de renda, que permite o acceso a estes servizos. Para o caso da Mariña Central, o elevado nivel de renda parece ser a causa deste resultado. As comarcas onde se manifesta un menor desenvolvemento das novas tecnoloxías son Fisterra (6,9) e especialmente Bergantiños (6,5), cuxos indicadores son o 40% da media do litoral. A este grupo de comarcas habería que unir as do Barbanza, O Baixo Miño, Caldas-O Sar, Ortegá, Muros-Noia, cuxo indicador sitúase entre as 8 e 12 liñas por cada 100 habitantes.

Ademais, dentro de cada comarca hai importantes diferenzas. Por pór un exemplo, o indicador para os concellos do litoral da Mariña Oriental (13,9) é lixeiramente inferior á media do litoral (15,6) e practicamente igual que a media de Galicia (13,3). Con todo, prodúcese un gran contraste entre o concello de Ribadeo, con 17,7 liñas de banda ancha por cada 100 habitantes e as 0,07 do concello de Trabada, o que pon de manifesto que as zonas máis rurais están peor dotadas no que fai a novas instalacións tecnolóxicas. Ademais, compróbase que concellos contiguos, pero situados en comarcas diferentes teñen dotacións moi heteroxéneas. Este sería, por exemplo, o caso de Arteixo (na comarca da Coruña) cunha ratio de 14,1 e A Laracha (concello contiguo na comarca de Bergantiños), cun indicador de 5,5.

Un exercicio interesante é o de comparar o desenvolvemento das tecnoloxías da información e comunicacións co nivel de estudos da poboación, recollido tamén no mapa n.º 10. Tomando como referencia a porcentaxe de poboación con estudos medios e superiores para cada comarca, compróbase a existencia dunha alta correlación co número da banda ancha por cada 100 habitantes (95,8%).

Así, as comarcas da Coruña (23,2%), Pontevedra (18,2%) e Vigo (18,0%) son as que presentan un maior indicador, seguida de Ferrol (17,0%). Pola contra, aquelas con menor porcentaxe de poboación cos niveis de estudos citados, Fisterra (8,9%) e Bergantiños (7,8%), teñen tamén os menores desenvolvementos tecnolóxicos.

A importancia da tecnoloxía é fundamental para sectores de servizos, o sector da cultura no seu amplo sentido, o subsector audiovisual, a industria editorial e musical. O desenvolvemento deste sector vese claramente nas cidades da Coruña e Vigo, e que poderían estenderse a outras comarcas limítrofes. Desta análise despréndese a necesidade imperiosa de levar a cabo un ambicioso plan de instalar banda ancha e eficiente nas comarcas galegas máis deficitarias para que poidan desenvolver as TIC.

6.15. RENDA FAMILIAR DISPOÑIBLE E PIB HABITANTE

Tanto o indicador de renda familiar dispoñible³⁵ como o do Produto interior bruto por habitante³⁶ son magnitudes moi utilizadas para medir o grao de benestar social. Suponse que unha maior capacidade económica tradúcese nun aumento do gasto, co conseguinte acceso a un conxunto de bens e servizos, ademais do compoñente do aforro.

A fonte de datos para a elaboración de ambos os indicadores foi o Atlas socioeconómico de Galicia Caixanova do 2009³⁷, que fai referencia aos PIB e renda municipal. Analizando a renda media dispoñible familiar do litoral observamos que foi de 14.181 €/hab, fronte aos 13.547 €/hab da media de Galicia. Ambas por debaixo da media de España con 15.054€/hab. Non obstante, compróbase a existencia dun proceso de converxencia coa media nacional no caso do litoral.

Analizando o PIB por habitante do 2007, estaríamos ante a mesma conclusión que no parágrafo anterior. España co PIB/hab de 23.592 é superior á media do litoral que ascende a 22.189 PIB/hab e esta superior á media de Galicia. Do mesmo xeito que acontecía coa renda media familiar, o PIB por habitante manifesta un proceso de converxencia no litoral coa media nacional.


O mapa n.º 11 resume a situación da renda familiar dispoñible e o PIB por habitante para as comarcas obxecto de estudo. Analizando a renda dispoñible en €/habitante obsérvase que as máis elevadas son A Coruña (14.535 €/hab), Pontevedra (14.378 €/hab), Vigo (14.335 €/hab), A Mariña Oriental (13.984 €/hab), A Mariña Central (13.682 €/hab), e A Mariña Occidental (13.491 €/hab), son as seis comarcas con maior nivel de renda familiar dispoñible. Pola contra Ortegal, Caldas-O Sar, Noia-Muros, O Barbanza, Bergantiños, todas elas con menos de 12.383 €/hab, e, especialmente, Fisterra, con 11.929 €/hab son as comarcas con menor nivel de renda familiar dispoñible.

No relativo ao PIB por habitante, A Mariña Occidental (30.351 €/hab), A Coruña (25.584 €/hab), Vigo (22.288 €/hab) e Pontevedra (20.125 €/hab) son as comarcas con maior nivel neste indicador. A situación contraria obsérvase en Noia-Muros (14.391 €/hab) e no Morrazo (13.994 €/hab), con contías moi inferiores á media do litoral (22.189 €/hab).

A comarca da Coruña ten o indicador de renda familiar dispoñible por habitante máis alto de toda Galicia, sendo especialmente elevado este indicador nos concellos da Coruña, Oleiros e Bergondo. Tendo en conta o PIB por habitante, a comarca ocupa o segundo lugar respecto ás comarcas do litoral, só por detrás da Mariña Occidental. Os datos para a comarca de Vigo mostran un segundo posto para o PIB/hab e un terceiro posto por debaixo de Pontevedra na renda por habitante dispoñible, o que demostra a importancia económica da zona, sendo un polo de atracción para concellos e comarcas próximas.

Como se sinalou, A Mariña Occidental é a comarca do litoral con maior PIB per cápita, superando tamén a media de Galicia. Este resultado débese á elevada porcentaxe de poboación activa dedicada á industria (26,6%), especialmente no concello de Xove, o que xera un importante aumento da renda familiar dispoñible por habitante, pero curiosamente é a que menor renda familiar dispoñible por habitante ten das tres mariñas lucenses. Isto explícase pola existencia doutras actividades económicas que non facturan pero aumentan a renda como o caso do Hospital de Burela e porque os traballadores da planta de Alcoa, dedicada á produción de aluminio viven nos diversos concellos da Mariña lucense e así Burela (A Mariña Central³⁸), Cervo (A Mariña Occidental³⁹) e Ribadeo (A Mariña Oriental⁴⁰) son os tres concellos de toda A Mariña con máis renda per cápita.

Para o caso de Ferrol os seus indicadores responden ás dificultades en superar as continuas reconversións industriais que sufriu. A reconversión naval da década dos 80 e a máis recente reestruturación dos seus dous estaleiros xeraron unha crise estrutural na comarca que aínda hoxe non foi capaz de superar. Isto provoca que a comarca



Mapa n.º 11
Situación da renda familiar dispoñible e o PIB por habitante para as comarcas costeiras
Fonte: Elaboración propia

ferrolá se sitúe nun sétimo posto e décimo posto das comarcas do litoral, considerando a renda dispoñible por habitante e o PIB por habitante. Neste sentido chama a atención que Ferrol teña un PIB/hab inferior ao de Ortegal, sendo a explicación que en Ortegal ao haber industria extractiva de lousa, ter o 10,32% da enerxía eólica, unha industria conserveira, unido a un despoboamento, saíalle unha ratio superior á que en realidade corresponde en termos absolutos. Na comarca de Pontevedra a renda dispoñible familiar por habitante, é a segunda máis elevada de todo o litoral. Este resultado débese ao tratarse dunha zona onde se encontra a capital da provincia, cun certo sector público, con algunha industria destacando a planta de celulosas e porque unha parte da poboación traballa noutros concellos próximos, especialmente en Vigo.

A comarca de Caldas-O Sar ocupa o sexto lugar no relativo ao PIB €/habitante de todas as comarcas do litoral, debido, polo menos nunha parte importante, á presenza de dúas importantes empresas industriais exportadoras (Cortizo, que é unha planta de aluminio e Finsa, dedicada á fabricación de taboleiros). En cambio a renda familiar dispoñible per cápita encóntrase entre as máis baixas. Isto explícase por dúas razóns, en primeiro lugar, porque unha parte dos seus traballadores non viven nestes concellos e, en segundo lugar, porque parte dos insumos destas industrias adquirense fóra da comarca, polo tanto a importancia económica destas industrias non se corresponde coa renda que queda nas mesmas.

A renda familiar da comarca de Betanzos é inferior á media do litoral e de toda Galicia. En cambio o PIB por habitante ocupa o quinto posto de todo o litoral, pero por debaixo da media, iso explícase porque o PIB está concentrado en tres comarcas (A Mariña Occidental, A Coruña, Vigo) e o resto están a bastante distancia delas. A comarca de Betanzos a pesar de contar coa planta de Tafisa-Sonae, e a distribuidora Gadisa, ten un remarcado carácter residencial, especialmente nos concellos de Miño e Betanzos.

Para o caso da comarca de Noia-Muros compróbase a súa situación nos últimos postos do litoral no referido a renda familiar dispoñible, sendo a segunda máis baixa en PIB por habitante. Coincide que é a comarca onde existe máis desemprego masculino que feminino debido ao sector conserveiro, o cal nos leva a pensar que este sector ten salarios baixos e que predominan as mulleres. Polo tanto, onde predomina o sector conserveiro, hai moita xente traballando, con salarios menores a outras actividades industriais. Algo similar ocórrelle á comarca do Barbanza, que está por debaixo do desemprego respecto á media do litoral, é a cuarta comarca con menor porcentaxe de desemprego feminino que a maioría das comarcas (52,32% dos totais desempregados son mulleres), e ocupa a décimo quinta posición tanto en PIB comarcal como en renda dispoñible. Poderíamos pensar que O Morrazo está na mesma situación, xa que ocupa o último lugar en canto ao PIB comarcal por habitante, produto da importante industria conserveira, en cambio a súa renda dispoñible aumenta considerablemente ata situarse na décima posición. A explicación encóntrase en que, ao estar preto de Pontevedra e Vigo, moitos dos seus habitantes están traballando nestas comarcas con remuneracións máis elevadas que soben a renda da comarca.

A comarca do Salnés ocupa unha posición relativa mellor en PIB €/habitante dentro do litoral e ocupa a sétima posición, aínda que se sitúa na novena posición en renda dispoñible, aínda que é unha comarca co terceiro índice turístico máis elevado de todo o litoral. As causas desta explicación poden ser variadas: En primeiro lugar é un turismo estacional, polo tanto a súa xeración de riqueza é estival, outra razón é que as actividades económicas da comarca permitan unha maior porcentaxe de diñeiro non declarado que outras actividades doutras comarcas, o que fai que a súa ratio oficial sexa inferior á real. Se analizamos o número de vehículos comprados para o período 2008/2000 incrementouse un 37,2% fronte á media do litoral que foi do 28,9%.

A economía da comarca de Bergantiños foise debilitando, debido ao decrecemento do comercio, construción, perda da industria téxtil que traballaba para INDITEX, deslocalización de parte da produción de Conservas Calvo, etc., o que provocou que se obteña un dos indicadores de renda dispoñible máis baixos de toda Galicia, só superior ao obtido en Fisterra. Outro indicador que hai que ter en conta é o PIB por habitante, neste caso a comarca de Bergantiños non supera a media de Galicia nin a do litoral. Poderíase pensar que Bergantiños sendo limítrofe coa comarca da Coruña, pegado a Arteixo, un concello cunha grande actividade industrial debería ter unha renda máis elevada. A realidade é que as persoas que traballan en INDITEX, a Refinería ou outras industrias da comarca, non sitúan a súa residencia na comarca de Bergantiños, buscando lugares que consideran máis confortables como A Coruña, Oleiros, Bergondo, Cambre, de tal xeito que desde un punto de vista socioeconómico ao pasar da comarca da Coruña a Bergantiños, é entrar nunha comarca co menor nivel porcentual de estudos medios e universitarios, o menor número de banda ancha por persoa e a segunda renda máis baixa dispoñible por persoa de todo o litoral. Non obstante, é previsible que a actividade industrial da comarca da Coruña vaia desprazándose á zona de Bergantiños, ao estar construíndose o porto exterior en Arteixo, e un novo polígono industrial con 1.500.000 de metros cadrados neste concello, limítrofe con Bergantiños.

Fisterra ocupa o último lugar en canto a renda por habitante dispoñible, en cambio ten 6 comarcas por debaixo no relativo á produción por habitante. Así, o concello de Dumbría ten unha planta industrial de Ferroatlántica que fai que o seu PIB por habitante sexa o terceiro máis alto do litoral, en cambio a súa renda familiar dispoñible por habitante sitúao nas últimas posicións. Este resultado indícanos que o alto valor engadido desta industria non se traduce na mesma proporción en riqueza para a comarca, marchando parte da devandita riqueza para outros lugares.



III.2.08

Costa de San Cibrao. A Mariña Occidental



III.2.09

Muros. Ría de Muros e Noia

7. ANÁLISE DAFO

Unha vez analizada a poboación, o mercado laboral e os sectores económicos das distintas comarcas que compoñen o litoral, resulta necesario realizar unha análise das **Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades** (DAFO) de todo o litoral⁴¹. Nesta epígrafe integráranse tres visións, a global do litoral, a das comarcas costeiras e as comarcas económicas.

7.1. DEBILIDADES

A. Recursos e infraestruturas

- Deficiente rede de comunicacións nalgúns comarcas costeiras como a Mariña lucense, as Rías Altas, a Costa da Morte e a parte norte das Rías Baixas como Muros, que non están plenamente integradas coa Autoestrada do Atlántico e convértense en situacións periféricas.
- Falta de infraestruturas ferroviarias, en especial nas comarcas de Bergantiños, Costa da Morte e algúns enclaves das Rías Baixas como Noia-Muros, O Barbanza, O Morrazo, que non teñen un só quilómetro de rede ferroviaria.
- Deficiente comunicación de transporte público inter-comarcal, que dificulta a mobilidade de persoas e mercadorías entre as distintas comarcas, tendo que recorrer ao vehículo privado.
- A existencia de 1.926 puntos de verteduras, dos que o 66% sitúanse nas Rías Baixas.
- Baixo número de liñas de banda ancha desde o Arco Bergantiñán, Fisterra ata a comarca do Salnés.

B. Demográficas

- Baixo crecemento demográfico no litoral cun 4,4% durante o período 2000-08, comparado coa media de España que foi o 14%, sen que ningunha comarca do litoral acade esta media.
- Crecemento poboacional nulo ou negativo dalgúns comarcas do litoral como A Mariña Occidental e Ortegal (Rías Altas), a comarca de Ferrol, e desde Bergantiños (Arco Bergantiñán) pasando por Fisterra (Costa da Morte) ata a comarca de Noia-Muros (inicio das Rías Baixas).
- Elevada dispersión poboacional, concentrándose a poboación nas comarcas costeiras do Golfo Ártabro e Rías Baixas. O resto son comarcas con pouco peso demográfico.
- Avellentamento da poboación do litoral, que cun 18,8% supera o de España cun 16,5%. Este avellentamento acentúase na Mariña lucense-Rías Altas, Bergantiños-Costa da Morte-Noia-Muros por riba do 22%, chegando ao 31% do Ortegal.
- Existencia de comarcas costeiras con baixo nivel de formación media e superior como o eixe Fisterra-Bergantiños cun 8,9% e 7,8% sobre o total da poboación respectivamente.

C. Laborais

- Incremento xeneralizado do desemprego en todas as comarcas costeiras durante o período de xuño de 2005 a 2009, e para todos os sectores económicos. Os aumentos por sectores foron por riba da media agás a agricultura, sendo o incremento do desemprego do litoral superior á media de Galicia. As comarcas máis afectadas polo desemprego foron As Rías Baixas e a Costa Sur.
- Forte aumento do desemprego para os homes, maiores e con menor nivel de estudos, afectando, sobre todo, ás comarcas costeiras Costa Sur e as Rías Baixas.
- Importante nivel de desemprego estrutural. As elevadas taxas de desemprego das dúas comarcas con maior índice de desemprego son a Costa da Morte e o Arco Bergantiñán que corresponden a un desemprego de carácter estrutural, non derivado exclusivamente da crise actual

D. Sector primario

- Dificil situación económica da frota de altura.
- Diminución importante da pesca desembarcada en comarcas onde o porcentaxe de poboación ocupada no sector pesqueiro é salientable, como a Costa da Morte e o Arco Bergantiñán. Neste último caso, ademais, incide a deslocalización de parte da produción de conservas Calvo.
- Escaso peso económico do sector agrícola-gandeiro que ademais viu reducida a súa actividade nos últimos anos.

E. Sector industrial-enerxético

- Excesiva concentración da industria en dúas comarcas como o Golfo Ártabro (38,4%) e as Rías Baixas

(40,6%). As outras cinco comarcas suman en total o 21%, e en concreto a Mariña lucense acada tan só o 1,7%.

- Existencia dunha importante industria xeradora de emprego e riqueza, que ten un certo impacto medio-ambiental (sobre a ría ou a atmosfera) e que afecta a actividade doutros sectores. Como exemplos podemos sinalar a planta de celulosas en Pontevedra, Reganosa, Navantia, Forestal do Atlántico, Megasa (na comarca de Ferrol), Ferroatlántica en Dumbría, comarca de Fisterra, e a industria de lousa na ría de Ortigueira.
- Dificultades de sectores cruciais no litoral como o conserveiro e téxtil. Compróbase a existencia dalgúns empresas conserveiras en fase de peche ou con plans de viabilidade como Alfageme, Calizamar. No sector téxtil o exemplo máis claro é do de Caramelo que solicitou axudas económicas á Xunta de Galicia para paliar os efectos da crise neste sector.
- Dificil situación de sectores industriais vinculados ao sector da construción como a fabricación de tableiros e produción de aluminios, ambos coincidentes na comarca de Caldas-O Sar.

F. Sector da construción

- O forte incremento da actividade construtora nalgúns comarcas costeiras como as Rías Baixas, Costa Sur e a Mariña Lucense, traducíuse, coa crise económica, nun importante aumento do desemprego, con serias dificultades de recolocación dos traballadores.
- O exceso de vivenda para o litoral supón, en termos medios, o 37% respecto á poboación residente, destacando as comarcas costeiras da Mariña lucense (51,7%), Rías Altas (46,9%) e algunhas zonas das Rías Baixas, como O Salnés (47,8%) e O Barbanza (46,6%).

G. Sector servizos

- Perda de cota de mercado comercial. Galicia en xeral e o litoral tamén tivo unha perda de cota de mercado para o período 2000-08 do 7,9% comparativamente co comercio a nivel nacional.
- Disparidade comercial. As dúas comarcas que absorben case a totalidade do comercio son as Rías Baixas, con case a metade do comercio do litoral (49,95%), e Costa Ártabra (31,8%), e xuntas supoñen o 81,7%, fronte a comarcas costeiras como a Costa da Morte, cun 1,3%.

H. Turismo-hostalería

- Comarcas con escaso peso turístico. Existen zonas moi atractivas para a actividade turística, pero cun índice turístico moi baixo, como o caso das Rías Altas e A Costa da Morte, moi afastadas das Rías Baixas que é a comarca con maior índice turístico do litoral.
- Estacionalidade turística. Obsérvase unha grande estacionalidade turística en moitas comarcas do litoral coincidindo co período estival, o que prexudica o desenvolvemento turístico ao longo do ano, desanimando a realización de fortes investimentos, debido ao seu aproveitamento limitado aos meses de verán.

I. Xerais

- Reducido número de liñas de banda ancha por habitante. Se exceptuamos A Coruña, Vigo e Pontevedra, todas as demais comarcas teñen ratios de liñas de banda ancha por debaixo da media do litoral, sendo as diferenzas especialmente importantes na Costa da Morte con menos de 7 liñas por cada 100 habitantes.
- Zonas economicamente deprimidas. Existen comarcas costeiras que polos seus baixos indicadores socioeconómicos, son zonas con dificultades de desenvolvemento económico. Podemos citar nesta categorización as comarcas que van desde o Arco Bergantiñán-Costa da Morte-Noia-Muros-Caldas-O Sar, ás que habería que engadir no norte Ortegal dentro das Rías Altas.
- Dependencia de axudas europeas a través dos plans URBAN e PRODER.

7.2. FORTALEZAS

A. Recursos e infraestruturas

- Existencia de grandes recursos naturais, rías, ríos, montes, montañas, que permitiron un importante desenvolvemento no litoral fronte ao interior.
- Singularidade das rías galegas, non só desde un punto de vista turístico ou paisaxístico, senón como fonte de riqueza pesqueira ao ser unha das máis ricas en mariscos de todo o mundo, en especial as Rías Baixas.
- Existencia de rías con baixo nivel de verteduras e contaminación comparativamente con outras do litoral, nas que destaca a ría de Ribadeo, Foz, Corme-Laxe, Lires, Cedeira, Camariñas e O Barqueiro, precisamente onde existe un menor nivel de desenvolvemento económico.
- Boas comunicacións terrestres. A zona costeira está ben comunicada norte-sur, a través da Autoestrada do Atlántico desde Ferrol ata o Baixo Miño (agás Ortegaleira e a Mariña Lucense). Ademais desde a Coruña sae unha autovía a Madrid, igual que desde Vigo.
- Grandes portos comerciais. A importante infraestruturas dos portos máis importantes de toda Galicia permite a comercialización de produtos que inflúen no desenvolvemento económico das comarcas, de xeito que os maiores índices industriais do litoral encóntranse onde están os maiores portos de Galicia: A Coruña, Vigo, Ferrol-San Cibrao, Pontevedra-Marín e Vilagarcía de Arousa no Salnés. Estes portos coinciden coas comarcas das Rías Baixas e a Costa Ártabra.
- Infraestruturas aeroportuarias. Dous aeroportos con voos nacionais e internacionais, como son A Coruña e Vigo.
- Boa cobertura de servizos sociais e sanitarios. Comarcas como A Coruña, Vigo, Ferrol, Pontevedra, A Mariña Central, O Barbanza e O Salnés dispoñen de hospitais, así como do mesmo xeito que o resto de comarcas de numerosos centros médicos para atender as necesidades da poboación. Tamén existe maior cobertura de servizos sociais e educativos que no interior.
- Existencia de polígonos industriais no litoral que suman o 60% da superficie total, especialmente na Coruña, Vigo e a máis distancia Ferrol.

B. Demográficas

- Maior concentración da poboación no litoral que no interior (52%), principalmente nas comarcas costeiras de Costa Ártabra e Rías Baixas.
- Crecemento da poboación por riba da media de Galicia. A poboación do litoral medra un 4,4% durante o período 2000-08, máis do dobre que a media galega. As poboacións máis dinámicas son Costa Sur, golfo Ártabro (sobre todo a zona da Coruña, Betanzos) e a zona sur das Rías Baixas.
- Rexuvenecemento da poboación. O litoral está menos avellentado que o interior, especialmente as comarcas das Rías Baixas.
- Bo nivel formativo da poboación nalgunhas comarcas como A Coruña, Pontevedra, Vigo e Ferrol.

C. Laborais

- O segmento máis xuvenil, inferior a 25 anos, non só non aumentou o desemprego, senón que ademais xerou emprego (-3,9% de caída de desemprego).
- Profesionais cualificados que operan en sectores de alto valor engadido como os servizos, enerxético, naval, universidades, I+D+I, sobre todo nas comarcas de Golfo Ártabro e sur das Rías Baixas.

D. Sector primario

- Grande importancia do sector pesqueiro en todo o litoral pola existencia de moitos e importantes portos pesqueiros, barcos e poboación ocupada neste subsector, así como unha gran tradición e coñecemento pesqueiro.
- Existencia de cinco grandes portos pesqueiros galegos segundo as toneladas desembarcadas: Vigo, Ribeira, A Coruña, Burela e Celeiro.

- Maior resistencia á crise no sector primario. O sector que tivo un crecemento do desemprego menor que o resto e inferior á media de Galicia foi o da agricultura e a pesca.
- Potente sector da acuicultura. Destaca a comarca da Costa da Morte como gran referencia incluso mundial.
- Recoñecemento dos mariscos galegos e grandes produtores de mexillón con denominación de orixe protexida “Mexillón de Galicia” nas rías Baixas.
- Grande importancia económica do sector forestal, non só como subministradora de materia prima, senón como industria transformadora, serradoiros e plantas de fabricación de taboleiros na comarca de Ferrol, Bergantiños, Betanzos, Caldas-O Sar, ou produción de papel na industria celulosa situada en Pontevedra.
- Sector vitivinícola de prestixio. Aínda que a produción segue sendo a pequena escala, posúe a denominación de orixe Rías Baixas, sendo especialmente importante a súa produción na comarca do Salnés e O Baixo Miño.

E. Sector industrial-enerxético

- Industrialización pesqueira. Gran presenza da industria conserveira en comarcas das Rías Baixas (Noia-Muros, O Barbanza, O Salnés, O Morrazo), en menor medida, A Costa da Morte e o Arco Bergantiñán, que converte Galicia nun referente mundial. Ademais é un sector xerador de emprego de mulleres e que está resistindo relativamente mellor a crise que outros sectores.
- Existencia de industrias líderes que compiten en mercados internacionais: a industria téxtil situada en diversas comarcas do litoral, pero centrada sobre todo na comarca da Coruña, así como a industria do automóbil situado na comarca de Vigo, Alcoa na Mariña Occidental.
- Potente sector forestal como quedou reflectido coa planta de Celulosas en Pontevedra e as empresas madeireiras situadas nas comarcas de Bergantiños, Ferrol, Caldas-O Sar e Betanzos. Galicia conta co líder de fabricación de taboleiros o grupo Finsa, sen esquecerse doutras empresas galegas importantes como o grupo Losan.
- Importante sector enerxético no Golfo Ártabro cunha demanda enerxética á alza.
- Considerable desenvolvemento do sector eólico no eixe Noia-Muros-Fisterra e Rías Altas.

F. Sector da construción

- Existencia de man de obra cualificada no sector coñecedora do seu oficio, especialmente nas comarcas do Arco Bergantiñán e O Baixo Miño.
- Existencia de empresas construtoras importantes moi profesionalizadas que diversificaron a súa actividade buscando novos mercados operando a nivel internacional para paliar a crise, estando as sedes nas comarcas da Coruña, Vigo e Pontevedra.

G. Sector servizos

- Importante peso económico do sector terciario. Nas economías do litoral predomina o sector servizos cun 67,2% da poboación ocupada, seguida da industria cun 16,3%, a construción un 11,8% e a agricultura e pesca só o 4,8%. Neste sentido a comarca costeira da Costa Ártabra é a que maior % de poboación ocupada ten no sector servizos.
- Dinamismo comercial. Os maiores índices encóntranse nas comarcas do litoral, especialmente nas comarcas de Vigo, A Coruña, seguidas de Ferrol e Pontevedra, que son os principais capitais do litoral. Estas catro comarcas suman o 75,2% da cota de mercado do litoral.
- Existencia dun forte sector financeiro no litoral. A banca galega predomina nas comarcas do litoral, debido á forte presenza do Banco Pastor e Caixa Galicia na Coruña, Caixanova en Vigo e en menor medida Banco Echevarría en Betanzos.

H. Turismo-hostalería

- Importantes recursos histórico-artísticos, recoñecidos mundialmente, entre os que destacan A Torre de Hércules na Coruña e o Camiño de Santiago, que son Patrimonio da Humanidade.



III.2.10

Vilarrube. Municipio de Valdoviño. Ría de Cedeira

- Importante oferta cultural. As comarcas da costa galega dispoñen de importantes museos como a tríade científica coruñesa (Casa das Ciencias, Domus e Acuario), o museo Naval de Ferrol, o Centro internacional en Betanzos, así como o Museo MARCO (Museo de Arte Contemporánea en Vigo), entre outros.
- A isto podemos engadir numerosas festas de interese nacional, gastronómicas, mosteiros, museos, etc. presentes en todo o litoral. Polo tanto, unha oferta variada e ampla de recursos para visitar.
- Gran desenvolvemento turístico do litoral. No litoral galego concéntrase o maior índice turístico de Galicia, sobre todo en termos absolutos nas comarcas costeiras das Rías Baixas e en menor medida Costa Ártabra, só superado por Santiago de Compostela.
- Marca turística Rías Baixas recoñecidas en mercados nacionais e mesmo os internacionais.
- A existencia dun importante número de portos deportivos posibilita que o litoral galego sexa un lugar para a práctica deportiva e de enorme potencial náutico turístico. O 54% sitúanse nas Rías Baixas e o 24% no Golfo Ártabro.
- Infraestrutura que permite a realización de eventos internacionais e congresos, como a Feira de Pesca e produtos conxelados en Vigo, ou congresos profesionais nas principais cidades do litoral.
- Existencia de empresas importantes do sector do lecer que están operando en mercados internacionais como Egasa e Comar con sede na comarca da Coruña.

I. Xerais

- O acceso ás novas tecnoloxías. Existen comarcas cun alto nivel de banda ancha por poboación que lles permiten desenvolver sectores con alto contido de innovación, destacando unha vez máis a Costa Ártabra e a parte sur das Rías Baixas.
- O coñecemento. No litoral concéntranse dúas das tres universidades existentes en Galicia (A Coruña e Vigo), con campus nas comarcas de Ferrol e Pontevedra, de tal xeito que as catro maiores cidades do litoral teñen centros universitarios. Precisamente nestas catro cidades concéntranse o maior porcentaxe de poboación con estudos medios e superiores. Tamén destacamos os parques tecnolóxicos como A Fundación Ferrol Metrópole e o Parque tecnolóxico e loxístico de Vigo, o Centro de Investigacións Mariñas en Vilaxoán (O Salnés), o Instituto Oceanográfico na Coruña e a Axencia Europea de Pesca, en Vigo.
- Importante dinamismo económico empresarial das principais cidades do litoral. A Coruña e Vigo non só son as cidades con maior índice de actividade económica de toda Galicia, senón tamén as que teñen maior renda per cápita, con permiso de Pontevedra que supera lixeiramente a Vigo.
- Existencia da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. A forte conexión das comarcas de Vigo e O Baixo Miño co norte de Portugal, favorecen o intercambio comercial dentro dun espazo común.

7.3. AMEAZAS

A. Recursos e infraestruturas

- Risco de perder as axudas europeas no 2013. O litoral galego é receptor de axudas europeas como o plan PRODER para o desenvolvemento rural, que afecta a todas as comarcas do litoral, ou os plans URBAN, que afectan aos concellos da Coruña e Ferrol, destinados á dinamización dos barrios máis desfavorecidos, ademais de financiar outras infraestruturas ou axudas como o Fondo de adaptación á globalización.
- As dificultades de financiamento do porto exterior da Coruña e das vías de acceso a Ferrol.
- A non resolución de puntos de verteduras e saneamento das rías galegas pode afectar á calidade dos seus produtos e ás actividades económicas, especialmente nas Rías Baixas.
- A falta de transporte público para favorecer a mobilidade, aumentando a contaminación e demandando máis infraestruturas de alta capacidade.

B. Demográficas

- O proceso de avellentamento da poboación como fenómeno estrutural. Todo indica que este proceso incluso se agravará, o cal converterá algunhas zonas en grandes demandantes de servizos sociais e recursos para atender a poboación de maior idade, así como unha previsible caída da poboación. Esta ameaza proxéctase, sobre todo, nas comarcas da Mariña lucense e Rías Altas.
- Éxodo poboacional. Obsérvase como algunhas comarcas perden poboación e é posible que este proceso continúe polo éxodo poboacional cara a outras comarcas ou outras comunidades por poucas posibilidades económicas. Nas comarcas das Rías Altas e a Costa da Morte é onde máis se pode acentuar este feito.

C. Laborais

- Gran dificultade de xerar emprego e recolocar os desempregados do sector da construción, sendo unha ameaza os sectores como o aluminio, fabricación de taboleiro e, en menor medida, o sector conserveiro. Isto maniféstase especialmente nas comarcas da Costa Sur, algunhas comarcas das Rías Baixas como O Barbanza, O Salnés e Caldas-O Sar, ademais da Costa da Morte e o Arco Bergantiñán.

D. Sector primario

- A sobrecapacidade da frota de pesca en Europa provocará que siga habendo reconversións pesqueiras que diminuirán a importancia pesqueira dos grandes portos, tal e como aconteceu co da Coruña.
- Sobreexplotación dos recursos marítimos que xa están afectando especies como o polbo, entre outras, que van xerar a curto prazo unha perda importante de rendibilidade.
- O furtivismo nas rías galegas, que dificulta a recuperación dos recursos mariños.
- A paulatina desaparición do sector agrícola, co conseguinte abandono dos núcleos máis deprimidos.

E. Sector industrial-enerxético

- Perda de posicións do sector téxtil. Dado o delicado momento que está pasando o sector en Galicia, cumpriu acudir por primeira vez ás axudas europeas do Fondo de adaptación á globalización. Isto está afectando especialmente á comarca da Coruña.
- Perigo para a industria conserveira. Os acordos da UE con Papúa-Nova Guinea permiten a entrada de conservas asiáticas a un prezo máis baixo que o galego, sendo a comarca das Rías Baixas a máis ameazada.
- Dificultades do sector dos estaleiros. A menor carga de pedidos para os próximos anos provocou que empresas como Rosman Polyships presenten un ERE.
- Dependencia industrial algunhas comarcas do litoral. Zonas como as Rías Altas, o Arco Bergantiñán e mesmo a comarca de Vigo dependen de industrias que se decidisen deslocalizarse xerarían problemas socioeconómicos importantes.

- A incerteza xerada pola inseguridade xurídica instalada actualmente no sector eólico incide directamente sobre os investimentos.

F. Sector da construción

- O exceso de vivenda por riba das necesidades da poboación pode supor unha paralización importante do sector a curto e medio prazo, que se cerne sobre certas empresas ou industrias vinculadas ao sector da construción. Industrias como a lousa situada en Ortegal, o aluminio en Caldas-O Sar, ou o sector do taboleiro que afecta a varias comarcas, teñen un panorama sombrío con dificultades de buscar novos mercados substitutivos a curto prazo.

G. Sector servizos

- Sobreoferta comercial. Nalgunhas comarcas, coa apertura de novos centros comerciais recentes e os previstos, pode xerar unha sobreoferta comercial que levará ao peche doutros centros comerciais, así como do comercio retalista. A maior ameaza cérnese sobre a comarca costeira do Golfo Ártabro.
- A fusión das caixas de aforros galegas pode supor unha reconversión do sector.

H. Turismo-hostalería

- Redución do turismo. Nun contexto de crise como o actual un dos sectores que podería ser máis castigado é o turístico, o que afectará directamente a economías do litoral con certa dependencia deste sector, en especial nas Rías Baixas.
- Risco de saturación turística. A expansión sen control da actividade turística pode pasar factura a algunhas comarcas, como O Salnés.

I. Xerais

- Existe a ameaza de que a comarca da Costa da Morte e Ortegal se convertan en comarcas estruturalmente deprimidas desde un punto de vista socioeconómico.
- Perder o tren da innovación se non se aposta polos sectores de maior valor engadido. En xeral isto obsérvase no litoral exceptuando as comarcas costeiras de Costa Ártabra e no sur das Rías Baixas.

7.4. OPORTUNIDADES

A. Recursos e infraestruturas

- O novo plan de infraestruturas viarias. Nos próximos anos está previsto un importante investimento en infraestruturas: a autovía transcantábrica que integrará as comarcas do norte de Galicia, a vía Ártabra na comarca da Coruña, a autovía que integrará as comarcas de Carballo e Fisterra, a autovía de Noia a Brión, a nova ponte sobre a ría de Noia e unha nova vía que comunique Noia con Boiro, a autovía dentro da comarca do Salnés que unirá O Grove e Sanxenxo así como a que unirá Vilagarcía con Pontevedra, a autovía desta cidade con Lugo, a autovía na península do Morrazo e a nova vía que une Tui coa Guarda, entre outras vías de comunicación, darán un novo mapa de oportunidades para o litoral galego.
- Os portos exteriores da Coruña e Ferrol. Se se opta por un enfoque integrador, ao estar os dous na Costa Ártabra puidesen supor un pulo económico para as súas comarcas.
- Infraestruturas ferroviarias. A AVE que irá desde A Coruña a Vigo, así como a súa conexión con Madrid, xunto á liña da AVE Vigo-Porto, suporán un gran impulso para o litoral galego.
- As axudas económicas ás comarcas do litoral, como os fondos europeos e o Plan Ferrol. Unha boa xestión dos fondos europeos para o plan PRODER, os grupos de acción costeira e os plans URBAN, permitirán unha revitalización das comarcas beneficiarias dos devanditos fondos.
- A construción prevista de 22 novas depuradoras no litoral que xunto aos 69 depuradores existentes actualmente previstas mellorarán o tratamento das augas residuais.
- Reutilización do ferrocarril como medio de transporte colectivo alternativo.

B. Demográficas

- Aumentar o nivel formativo da poboación dadas as infraestruturas educativas existentes e aproveitando a situación actual de crise.

C. Laborais

- Oportunidade en sectores que ata a data tiñan dificultades de encontrar profesionais e tiñan que acudir á inmigración. Pesca, hostalería.
- Posibilidades laborais no medio rural.
- Sectores emerxentes como o enerxético-eólico, a atención á terceira idade dado o avellentamento reinante no litoral ou o previsible desenvolvemento do turismo máis alá da actual crise.
- Emprender novas actividades a través do autoemprego.

D. Sector primario

- A posta en marcha do plan acuícola permitirá investimentos en todo o litoral e xeración de riqueza, máis concretamente en comarcas especialmente deprimidas como a Costa da Morte, que a converterán nun referente mundial.
- Posibilidade de seguir avanzando na industrialización do sector pesqueiro para manter o liderado no sector conserveiro e conxelados. Esta oportunidade vese claramente na comarca das Rías Baixas.
- Posible colocación de persoal desempregado no sector pesqueiro, que ata hai uns anos tiña dificultades para encontrar persoal para traballar, sobre todo nas comarcas costeiras da Mariña lucense e Rías Baixas.
- Posibilidade de impulsar o sector forestal, tan importante e abundante en todo o litoral, destacando as comarcas costeiras de Rías Altas, a Mariña lucense e as Rías Baixas.
- Impulso a nivel nacional e internacional do sector vitivinícola procedente das comarcas das Rías Baixas e Costa Sur.
- Posibilidade de impulsar o sector gandeiro cárnico, dada a boa calidade dos cuxos e pastos no litoral, especialmente nas Rías Altas, Mariña lucense, A Costa da Morte e o Arco Bergantiñán.
- Posibilidade de fortalecer a agricultura nas comarcas emerxentes.

E. Sector industrial-enerxético

- Atraer e xerar novas industrias cos novos polígonos industriais recente instalados ou previstos. O litoral ten o 60% da superficie en polígonos de toda Galicia. Destacando as comarcas do golfo Ártabro (A Coruña con 7,9 millóns de metros cadrados e Ferrol con 2,6 millóns) e as Rías Baixas (Vigo con 6,9 millóns) e a maioría prevista son tamén no litoral destacando o de Morás-Arteixo con 1,5 millóns de metros cadrados.
- Oportunidade de atraer industria pesada a comarcas do interior que afectaría positivamente ás comarcas do litoral, como unha posible situación da industria celulosa nas Pontes, comarca económica do Eume, cun alto beneficio para as comarcas costeiras do Golfo Ártabro e as Rías Altas.
- Desenvolver o plan de enerxía eólica galego que permita á Galicia costeira e en concreto a comarcas deprimidas economicamente xerar enerxía renovable e riqueza nas súas comarcas (Fisterra-Noia-Muros e Rías Altas).
- Continuar co proceso de internacionalización da industria téxtil (comarca da Coruña), conserveira (Rías Baixas) e forestal (Caldas-O Sar, Bergantiños, Betanzos e Ferrol).

F. Sector da construción

- Reorientar a actividade da construción cara a novas actividades relacionadas coa rehabilitación.
- Os plans de infraestrutura da Xunta e do Goberno central serán un impulso para o sector da construción.
- Globalización da construción e novos mercados emerxentes como Europa do leste e sobre todo Brasil, organizador do mundial 2014 e dos Xogos Olímpicos 2016.

G. Sector servizos

- Posibilidades de desenvolvemento comercial para comarcas como a Mariña lucense coa transcantábrica.
- Oportunidade de afianzarse comercialmente en comarcas como A Coruña e Vigo, ao ser zonas turísticas e atractivas comercialmente.
- Seguir apostando pola terciarización da economía, dado o gran número de persoas formadas no litoral.
- Afianzar a banca galega nun momento de máxima incerteza.

H. Turismo-hostalería

- Desenvolver o sector turístico, dado o enorme potencial existente en todo o litoral polas extraordinarias existencias de paisaxes, rías, gastronomía e lugares de interese para os turistas. As Rías Altas, a Mariña Lucense e a Costa da Morte teñen un gran potencial.
- O Xacobeo 2010. Os anos santos supñen unha grande afluencia de público, que supón unha oportunidade para as zonas con algunha ruta relacionada co Camiño de Santiago.

I. Xerais

- Impulsar a economía do coñecemento e a I+D+I. Co parón inmobiliario, cómpre orientar recursos cara á economía do coñecemento que permitan apostar por sectores de maior valor engadido. Estas condicións prodúcense sobre todo na Costa Ártabra e Rías Baixas.
- Posibilidade de desenvolver as rexións urbanas da Coruña e Vigo, cunha mellora da eficiencia dos servizos comúns.



III.2.11

Praia da Frouxeira. Costa norte de Ferrol

8. PLAN DE ACCIÓN

A. Recursos e infraestrutura

- Continuar desenvolvendo o plan de infraestruturas integrando as determinacións do POL nel.
- Apoio ás infraestruturas previstas nos portos exteriores da Coruña e Ferrol coordinándose para a súa complementariedade.
- Levar a cabo un plan de saneamento das rías en especial das Rías Baixas para non prexudicar a súa actividade económica
- Apoiar sistemas de transporte público.
- Potenciar o ferrocarril como medio alternativo de transporte colectivo.

B. Demográficas

- Políticas sociais e económicas que eviten o éxodo poboacional dalgunhas comarcas a través de creación de empresas e dotación de servizos sociais, sendo especialmente necesarias nas comarcas da Costa da Morte e as Rías Altas.

- Políticas sociais activas para atender o avellentamento da poboación naquelas comarcas costeiras cun alto índice como nas Rías Altas, na Mariña lucense, no Arco Bergantiñán e na Costa da Morte. Neste sentido sería desexable unha acción conxunta dos poderes públicos cos emprendedores que servise para atender a poboación maior e xerar emprego entre a desempregada.
- Plans formativos específicos para elevar o nivel de estudos en comarcas como o eixe Fisterra-Bergantiños.

C. Laboral-empresarial

- Levar a cabo unha política de fomento dos emprendedores, como xeración de emprego e de riqueza económica, creándose viveiros de empresas nas comarcas costeiras con menor nivel de actividade económica como a Mariña lucense, Ortegal, Rías Altas e Costa da Morte.
- Formación para os desempregados en oficios que impliquen innovación e nos sectores emerxentes para aumentar as posibilidades de recolocación. Acuicultura, forestal, medio rural, sector enerxético, téxtil, de servizos, comercial, hostalería e turismo, en especial o eixe Arco Begartiñán-Fisterra, e Comarca de Ferrol e sur das Rías Baixas (Vigo-Morrazo-Pontevedra).

D. Sector primario

- A xeración de espazos verdes produtivos ligados á explotación dos recursos naturais, recuperando técnicas tradicionais como o a fertilización por algas, mediante a expropiación/adscrición dos devanditos solos a ámbitos de solo urbanizable, etc., de xeito que xere novas dinámicas económicas.
- Levar a cabo un moderno plan acuícola polo que supón de xeración de emprego e investimentos, en harmonía cos valores do litoral, optimizando os recursos enerxéticos e naturais para un desenvolvemento integrado ambiental e paisaxisticamente.
- Mellorar o aproveitamento dalgunhas rías que están pouco explotadas como a Ría de Ortigueira-Ladrido, dentro dun marco de desenvolvemento sostible.
- Integración vertical cara a diante dos procesos pesqueiros, buscando o maior valor engadido dalgúns produtos que se basean na extracción, apostando pola transformación e a mellora das canles de comercialización, sobre todo na comarca costeira das Rías Baixas, en sectores como o pesqueiro-conserveiro.
- Política de incentivación de creación de empresas no subsector agro-industrial para a produción e venda de produtos de calidade respectuosa co medio ambiente: plantación de patacas en zonas que antigamente tiña un gran prestixio o devandito tubérculo (Ortigueira), produción de mazás e sidra nas Mariñas para atender o mercado asturiano, produción de champiñóns no Morrazo, os kiwis no Baixo Miño, así como a horticoltura.
- Diversificación do sector forestal fomentando a reforestación de especies autóctonas como castiñeiros, e a transformación dos produtos para xerar máis valor engadido a través serradoiros, especialmente nas comarcas as Rías Altas, a Mariña lucense e as Rías Baixas.
- Coexistencia no mundo forestal de especies demandadas pola industria como o eucalipto e o piñeiro dado a importancia que teñen estas especies para a industria transformadora, con especies autóctonas, ao haber espazos para todas.
- Apoiar o sector vitivinícola pola súa rendibilidade económica e a identificación coa súa denominación de orixe das comarcas costeiras das Rías Baixas e Costa Sur, buscando novos mercados internacionais como os saxóns.

E. Sector industrial-enerxético

- Liderar un plan estratéxico no sector conserveiro estudando posibilidades de fusión de empresas para mellorar a competitividade internacional, especialmente nas comarcas costeiras das Rías Baixas e Costa da Morte.
- Apoiar o sector téxtil como estratéxico para a economía do litoral buscando a máxima internacionalización para facer fronte á crise, especialmente na comarca costeira de Costa Ártabra.
- Creación dun viveiro de carácter industrial no polígono de Morás en Arteixo, comarca económica da Coruña.
- Aproveitar o gran caudal de coñecemento do sector naval para a fabricación doutros elementos de transporte buscando novos segmentos de mercado tanto na Costa Ártabra como nas Rías Baixas.
- Aposta polo desenvolvemento do sector enerxético na comarca de Costa Ártabra coa construción dunha biorrefinaría en Ferrol e toda a industria auxiliar paralela.
- Posta en marcha do plan eólico e que permita a revitalización do mesmo nun momento crucial para a economía galega.
- Manter as axudas ao sector do automóbil, tan importante para a economía da comarca de Vigo.
- Integración cara a adiante do sector da fabricación do taboleiro na que Galicia é líder nacional, buscando novos mercados como a fabricación de mobles, deixando a posición de subministradora de materias primas.

F. Sector da construción

- Establecer políticas que non supoñan unha sobreexplotación do litoral no sector da construción, dado o exceso de vivendas existentes nalgunhas comarcas, sobre todo A Mariña lucense, Arco Bergantiñán e algunhas zonas das Rías Baixas como O Salnés e O Barbanza.

- Apostar pola rehabilitación de cascos históricos e edificios singulares como valoración do patrimonio e nicho de mercado emerxente, en xeral en todo o litoral pero máis concretamente nas comarcas das Rías Altas (A Coruña, Ferrol, Betanzos), Rías Baixas (Vigo, Pontevedra e O Salnés).
- Apoio á internacionalización das empresas construtoras buscando novos mercados emerxentes como Europa do este e sobre todo Brasil organizador do mundial 2014 e os Xogos Olímpicos 2016.

G. Sector servizos

- Creación dun centro loxístico-comercial como atracción de empresas na Mariña lucense Oriental para fortalecer o mercado cantábrico, coa construción da transcantábrica.
- Creación do centro de formación da madeira, unha especie da cidade da madeira, nunha comarca deprimida con recursos naturais, como a parte oriental das Rías Altas (Mañón), Costa da Morte ou o Arco Bergantiñán.
- Apoiar o sector da cultura (sector audiovisual, a industria editorial e musical) desde unha perspectiva empresarial. Este sector estase desenvolvendo especialmente nas cidades da Coruña e Vigo

H. Turismo-hostalería

- Aproveitar o tirón do Xacobeo do 2010, especialmente na comarca da Costa da Morte ao ser un punto de destino para moitos peregrinos, pero sen esquecerse de todas as comarcas que teñen ruta xacobeá.
- Estudiar a posibilidade de crear a marca turística galega Eco-Turismo-Galicia que permita un desenvolvemento turístico respectuoso co medio natural e o seu contorno, apoiándose na paisaxe, o sendeirismo e a valorización do patrimonio. Esta posibilidade tería sentido máis a nivel galego, non por comarcas concretas e que podería convivir perfectamente coa marca Rías Baixas máis orientada a praia, sol, gastronomía, festa e lecer.
- Fomentar o aumento da hospedaxe “con encanto” en zonas con gran potencial turístico e menos explotado en zonas como as Rías Altas, Mariña lucense, Costa da Morte e o norte das Rías Baixas (Noia-Muros, O Barbanza) dentro da marca Eco-turismo-Galicia., reempregando as edificacións e conxuntos existentes.
- Apostar polo turismo náutico, dada a importante infraestrutura existente de portos deportivos e puntos de amarre, sobre todo na comarca das Rías Baixas.
- Fomentar o turismo cultural, de visitas a museos, realización de congresos, etc., dada a importante infraestrutura hoteleira existente no litoral, especialmente na Costa Ártabra e nas Rías Baixas.

I. Xerais

- Creación das áreas metropolitanas nas comarcas de Vigo e a Coruña que permita unha maior eficiencia dos servizos comúns que afectan os concellos de ambas as comarcas.
- Plan de expansión para estender a banda ancha en Galicia, sobre todo naquelas comarcas con menor desenvolvemento tecnolóxico, como o Arco Bergantiñán, Costa da Morte, Rías Altas e norte das Rías Baixas, concretamente Noia-Muros.
- Fomentar a economía do coñecemento, de I+D+I, aumentando o número de spin off universitarias nas universidades da Coruña e Vigo.
- Desenvolver unha economía máis respectuosa co medio. A actual situación e a recente crise inmobiliaria despertaron unha nova conciencia que permite apostar por unha eco-economía baseada nunha relación máis harmoniosa entre a economía e o medio natural.



*Esteiro do Umia.
Ría de Arousa.
Rías Baixas*

III.2.12

1. O Eume é unha comarca distinta á de Ferrol, pero ao tratarse dun estudo dos concellos do litoral incluímos Cabanas e Pontedeume na comarca Ferrol-Eume.
2. Son dúas comarcas que a efectos do estudo do litoral consideraron incluírse.
3. Ídem que a nota 2.
4. Este concello inclúese no estudo aínda que pertence ao Condado.
5. Este sería o caso da cidade da Coruña, que cunha estación de autobuses en pleno centro da cidade, dá servizo a máis de 8 millóns de pasaxeiros ao ano, para o transporte metropolitano, nacional e internacional.
6. Cinco dos sete concellos que compoñen esta comarca medraron máis do 24%, aínda que A Coruña tan só o faga un 1,4%. Este feito está moi relacionado coa falta de espazo na cidade. Aínda así, no 2008 a comarca da Coruña era a segunda máis poboada soamente por detrás de Vigo.
7. Esta comarca rexistra a maior caída da poboación de todo o litoral galego debido a causas históricas. Desde a década dos corenta, pola emigración a América e a partir dos 60 polos movementos migratorios cara aos países europeos e cara a zonas máis urbanas como á Coruña e Ferrol ou Viveiro e As Pontes.
8. Obsérvase como medran máis os concellos con costa que os do interior do litoral.
9. Os datos de ocupación proceden dos rexistros das afiliacións da seguridade social en xuño de 2009.
10. O sector primario constitúe as actividades de transformación dos recursos naturais en produtos básicos non elaborados (agricultura, gandería, minería, acuicultura, forestal, principalmente).
11. O sector industrial, recolle entre outros, o sector siderúrxico, industrias química, téxtil. O sector da construción, aínda que pode considerarse sector secundario, dada a súa importancia económica, adóitase tratar á parte, tal e como se realizou neste traballo.
12. Este sector inclúe todas as actividades relacionadas coa creación e remodelación de edificios, inmobles, naves industriais, etc.
13. O sector servizos, inclúe un amplo conxunto de subsectores como transporte, comunicacións, comercio, finanzas, hostalería, ocio, espectáculo, administracións públicas e servizos públicos, entre outros.
14. Un exemplo permitirá aclarar mellor a construción do indicador. A comarca de Noia–Muros ten un 50,2% da poboación ocupada en servizos e o 21,3% no sector primario. Como as medias do litoral no sector servizos e primario son 67,2% e 4,8%, respectivamente, seguindo o indicador proposto á comarca asignóuselle como actividade predominante respecto á media do litoral o sector primario.
15. O Salnés e Pontevedra foron as comarcas que máis desemprego xeraron a consecuencia da construción con máis do 150%.
16. Na Mariña Oriental o desemprego na construción aumentou o número de parados nun 109,4%, consecuencia da crise do sector da construción que afecta particularmente á costa. Un resultado similar pódese indicar para A Mariña Central con 107%.
17. En Ferrol a economía comarcal caracterízase pola preponderancia do sector terciario. A industria naval, no seu momento motor económico, xa non resulta tan relevante, polo que a recesión económica tivo un menor impacto.
18. A comarca de Ortegal é a que rexistra un menor crecemento do desemprego durante o quinquenio estudado (3,2% fronte ao 23,4% da media do litoral). Isto en parte explícase porque a poboación emigrou a outros centros urbanos con maiores oportunidades de mercado laboral, como Ferrol, As Pontes, A Coruña ou Viveiro, onde o desemprego tivo unha maior incidencia.
19. Como se verá a continuación o efecto pode ser moi diferente en función do xénero. Así na comarca do Salnés, o desemprego foi moi máis problemático para os homes que para as mulleres, xa que unha parte moi importante da actividade económica da zona, baseada no marisqueo encóntrase altamente feminizada. Algo similar produciuse na comarca do Barbanza, xa que o colectivo feminino encóntrase traballando no sector conserveiro, polo que se atenuou, polo menos temporalmente, o efecto da crise.
20. Na comarca da Coruña o desemprego feminino incrementouse un 17% durante o período 2005-09, unha porcentaxe moi elevada en comparación coa media galega 8,8%, debido aos problemas económicos de empresas como Caramelo ou Fadesa, que viron considerablemente reducidos os seus cadros de persoal no último ano, con expedientes de regulación de emprego. Ademais, a diferenza doutras comarcas onde predomina o desempregado varón, de mediana idade, do sector da construción e cun nivel de estudo medio-baixo, o desemprego nesta comarca afectou tanto a homes como mulleres, mesmo a persoal cualificado.
21. En Ortegal reduciuse o número de mulleres desempregadas nun 7,4% durante o período analizado, debido en boa medida á súa colocación nas fábricas conserveiras de Cariño que dan moito emprego a man de obra feminina. Ademais, nesta comarca o número de varóns desempregados é practicamente igual que o de mulleres.
22. En Noia-Muros a porcentaxe de homes desempregados é maior, sendo a única comarca onde isto ocorre.
23. En ambos os casos, os datos utilizados obtivéronse en pesca Galicia.com da Consellería do Mar.
24. Sada para o ano 2008 supuxo 1.708.074 kg, o que supón o 0,98% do total. O rechamante foi o descenso para o período 2001-2008 do 55,4% no nivel de capturas.
25. O sector pesqueiro nestes momentos ten uns elevados índices de demora e a banca, en xeral, non concede créditos a este sector.
26. Segundo o estudo presentado en La Voz de Galicia.
27. Tal e como recollía a revista The Economist en setembro do 2009.
28. Unha planta térmica é de ciclo combinado de gas e outra de fuel.
29. Esta firma acaba de presentar un ERE sendo unha das firmas máis emblemáticas da comarca da Coruña.
30. Está prevista no litoral da Coruña a construción de 15 polígonos novos cun total de 6.175.929 m².
31. Esta correlación pódese ver especialmente en Arteixo coa construción do porto exterior, a construción do polígono de Moras e a existencia de grandes industrias como INDITEX coa sede en dito municipio.
32. Non obstante este resultado non se pode aplicar sempre. Así, a comarca de Ortegal posúe un ratio de vivenda por habitante moi superior á media do litoral, pero neste caso, e aínda que existen máis vivendas por poboación que na maioría das comarcas de Galicia, a explicación é ben distinta. Este indicador non se explica por un crecemento espectacular da construción de vivenda nova, senón máis ben pola existencia dun censo importante de vivenda en núcleos rurais nalgún caso sen habitar ou semi abandonadas, ao que hai que unir a perda de poboación consecuencia do proceso migratorio cara a outras zonas.
33. Este plan non é específico da comarca de Bergantiños, pero si se detectou un certo éxito do plan nesta comarca, como a construción dun viveiro de empresas en Carballo para o apoio e creación de empresas.
34. A comarca de Ferrol sería a quinta con maior desenvolvemento das liñas de banda ancha, cuestión que tamén parece responder á existencia dun campus universitario na cidade de Ferrol.
35. A Renda familiar dispoñible defínese como o volume de ingresos de que dispoñen as familias residentes para o consumo e o aforro, unha vez minorada polos impostos directos e cotas achegadas á Seguridade Social.
36. O PIB por habitante é o valor monetario total da produción corrente de bens e servizos durante un período por cada residente.
37. Esta información foi publicada no mes de novembro de 2009 por Caixanova, sendo incorporada no presente estudo, o que mostra a actualidade dos datos.
38. En cambio o PIB per cápita é proporcionalmente menor. Isto prodúcese porque a pesar de que hai moita xente que traballa en empresas asentadas na propia Mariña Central (Hospital da Costa, Porto Pesqueiro, fábrica de caolín, etc.), tamén son moitos os traballadores que teñen o seu centro de traballo noutras empresas da costa, como Alcoa Alúmina-Alumino e a Fábrica de Cerámica de Sargadelos (en Cervo), entre outras.
39. O caso de Cervo si está moi relacionado coa industria Alcoa.
40. Unha porcentaxe importante da poboación desta comarca traballa en industrias que non están asentadas na Mariña Oriental, por exemplo, Alcoa, o Hospital da Costa en Burela, os estaleiros de Gondán en Asturias, a papeleira de Navia en Asturias, etc., o que aumenta a súa renda dispoñible.
41. Resulta posible que nunha análise DAFO unha debilidade poida concentrarse nunha comarca e ser unha fortaleza para outra.

